



# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO FIN DE GRAO  
FACULTADE DE DEREITO

***TRATAMENTO XURÍDICO DO FINANCIAMENTO ILEGAL DE PARTIDOS  
POLÍTICOS***

NOGUEIRA SOUTO, CARLOS  
SIMULTANEIDADE DO GRAO EN DEREITO E GRAO EN ADMINISTRACIÓN E  
DIRECCIÓN DE EMPRESAS  
CURSO 2018-2019

TITOR:  
PROFESOR D. RUIZ GARCÍA, JOSÉ RAMÓN

## **ÍNDICE:**

1.- LISTADO DE ABREVIATURAS.....	2
2.- ANTECEDENTES DE FEITO.....	3
3.- CUESTIÓN 1: Determine a cualificación penal das posibles infraccións cometidas.....	6
I.- DELITO DE FINANCIAMIENTO ILEGAL DE PARTIDOS POLÍTICOS.....	6
A.Marco de actuación.....	6
B.Suxeito activo.....	9
C.Especial gravidade.....	11
II.- OUTROS DELITOS.....	12
A.Doazón dos empresarios Francisco e Braulio.....	12
B.Conta bancaria domiciliada en Uruguai.....	21
C.Doazón electoral.....	24
4.- CUESTIÓN 2: Indique o cauce procesual polo que se substanciarían os delitos, xurisdicción e competencia.....	27
I.- XURISDICIÓN E COMPETENCIA.....	27
II.- CAUCE PROCESUAL.....	30
III.- XURISDICIÓN, COMPETENCIA E CAUCE PROCESUAL DA DOAZÓN ELECTORAL.....	32
5.- CUESTIÓN 3: Determine se se cometeu algún ilícito administrativo, así como o procedemento a seguir para a súa sanción.....	33
I.- ILÍCITOS ADMINISTRATIVOS.....	33
II.- DUPLICIDADE COA ORDE PENAL.....	35
III.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	36
6.- CUESTIÓN 4: Sinale as posibles consecuencias para o partido político e o procedemento a seguir para a implementación das mesmas.....	38
I.- MARCO PENAL.....	38
II.- MARCO ADMINISTRATIVO.....	42
7.- CONCLUSÓNS FINAIS:.....	43
8.- BIBLIOGRAFÍA.....	45
9.- APÉNDICE XURISPRUDENCIAL.....	47
10.- APÉNDICE LEXISLATIVO.....	48

## **1.- LISTADO DE ABREVIATURAS**

AJCI: Auto do Xulgado Central de Instrucción

AN: Audiencia Nacional

AP: Audiencia Provincial

ARP: Autos de Repertorio de Aranzadi

ASC: Alianza Social Cívica (partido político)

ATS: Auto do Tribunal Supremo

BOE: Boletín Oficial do Estado

CE: Constitución Española

CP: Código Penal

GRECO: Grupo de Estados contra a Corrupción

JUR: Resolucións non publicadas nos productos CD/DVD de Aranzadi pero disponibles telemáticamente

LACrim: Lei de Axuizamento Criminal

LOFPP: Lei Orgánica de Financiamento de Partidos Políticos

LOREG: Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral

LOPX: Lei Orgánica do Poder Xudicial

OCDE: Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico

RIPE: Regulamento Interno do Parlamento Europeo

RCT: Repertorio Aranzadi do Tribunal Constitucional

RJ: Repertorio de Xurisprudencia Aranzadi

STC: Sentenza do Tribunal Constitucional

STS: Sentenza do Tribunal Supremo

TSXCV: Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana

UE: Unión Europea

## 2.- ANTECEDENTES DE FEITO

O 12 de decembro de 2012, tras o cumprimento dos correspondentes trámites diante do Ministerio do Interior, ten lugar a constitución do partido político Alianza Social Cívica (ASC), con sé na rúa Prudencio Álvaro, nº5, de Madrid. Dous días máis tarde, ASC inscríbese no Rexistro de Partidos Políticos, no cal faise constar de maneira pública o nome das persoas que componen a Asemblea Xeral e os órganos directivos do partido, así como os seus estatutos. Posteriormente, en data de 8 de marzo de 2013, celébrase o I Congreso do Partido, no que é elixido secretario xeral Manuel Mejía Álvarez, avogado madrileño de 39 anos.

En 2014, con motivo da celebración das eleccións ao Parlamento Europeo, ASC presenta as súas primeiras listas electorais, obtendo tres escanos a nivel nacional, os cales son ocupados por María, Olga e Rodrigo.

Como consecuencia do éxito electoral, ASC incrementa a súa presenza pública e mediática na vida política española, especialmente, Manuel Mejía, que é reelexido secretario xeral no II Congreso do Partido, celebrado o 14 de xaneiro de 2015, no que tamén se toma a decisión de concorrer ás eleccións municipais e autonómicas dese mesmo ano. Desta maneira, a formación política consegue 11 alcaldías e varios escanos en diferentes Asembleas Lexislativas autonómicas.

En outubro de 2015, tras o éxito electoral municipal e autonómico, Manuel Mejía é contactado vía telefónica por Braulio e Francisco, ambos propietarios dunha compañía construtora e dunha cadea hoteleira de gran tamaño, co obxecto de concertar unha reunión para “*falar de certos puntos que poden ser interesantes para todos*”. Manuel accede á petición e celébrase un encontro o día 28 de outubro no Hotel Magno, sito en Madrid e propiedade de Francisco, á que acode acompañado de Juan Ignacio e Carmen, vicesecretario xeral e tesoureira do partido, respectivamente. Nesa reunión, Braulio traslada ao secretario xeral de ASC que “*Algúns están moi impresionados co seu éxito político*”, que “*xa era hora dun cambio neste país*”, e que “*Están interesados en axudar ao partido seguir prosperando, xa que todo o mundo necesita algunha vez axuda, xa sabes*”, engadindo a continuación Francisco o seguinte: “*Non te preocunes, sabemos manexalo, temos feito isto con máis partido [...] O único é que quizais debas falar con algúns alcaldes deses [...] A cambio de tal, nós imos axudarte ben*”.

En data de 30 de novembro, por orde de Manuel, Juan Ignacio reúñese cos alcaldes de Málaga, Córdoba, Castellón, Valencia, Toledo, Cáceres e San Sebastián de los Reyes, todos eles afiliados a ASC, para comentaralles que “*Sería bo concederelles os permisos e as licitacións a unha serie de empresas amigas do partido*” (en referencia ás empresas de Braulio e Francisco) e que “*Se nos portamos ben, levámonos todos “primas de risco” [...] O xefe e mais eu o 5, e vós o 3 por cada concesión*”. Nun determinado momento da reunión, Paula, alcadesa de Málaga, decide reactivar a gravadora do teléfono móvil e sinálalle a Juan Ignacio a posible ilegalidade do solicitado, respondendo este que “*Muller, non é para tanto, e, ademais, en todo caso, é bo que o fagas se queres repetir nas vindeiras (eleccións)*”, sen que conste a oposición de ningún outro dos asistentes.

Pouco despois, entre os meses de xaneiro e maio de 2016, prodúcese a adxudicación dunha serie de contratos e de autorizacións administrativas ás empresas de Braulio e Francisco e a algunhas das súas filiais nas cidades antes citadas, coa excepción de Málaga. Ao pouco tempo, os beneficiarios das adxudicacións realizan as seguintes condutas a favor do partido:

- En data de 12 de xullo, Francisco doa a ASC un edificio de oficinas sito na Rúa de Bordadores, nº 17, de Madrid, valorado en 500.000 €, sendo a doazón aceptada polo partido mediante a expedición do correspondente certificado. O edificio é destinado como nova sede nacional.
- En data de 4 de outubro, Braulio doa a ASC a cantidade de 35.000 €, que abona en conta aberta na entidade bancaria LiveBank, S.A.
- En data de 26 de outubro, Francisco doa a cantidade de 66.000 € á fundación “Cambio Social”, cuxas  $\frac{2}{3}$  partes do seu patronato foron nomeadas directamente por ASC.
- En data de 8 de novembro, Braulio, por medio dunha serie de sociedades con domicilio social en Panamá, doa a ASC a cantidade de 632.000 €, a cal é depositada nunha conta bancaria en Uruguai manexada indirectamente pola tesoureira do partido, Carmen, a través de varios testaferros. En ningún momento declarase a existencia deste ingreso na contabilidade oficial do partido, nin se fai constar ao Tribunal de Contas a existencia de dita conta bancaria.

Paralelamente, o 9 de setembro, os eurodeputados María, Olga e Rodrigo son contactados por Ernst Münning, presidente do Grupo Parlamentar Europeo “Nova Unión”, ao que se acha adscrito ASC, solicitando ter unha reunión privada con eles, a cal celébrase o 21 de setembro. En dito encontro, Boris Herdberg, vicepresidente do Grupo Parlamentar e secretario xeral do partido Reforma Alemá, explica aos eurodeputados españois que “*Existe un certo interese en que a súa formación política prospere en España*”, dada a concorrencia de algúns intereses comúns, para o cal Herdberg ofrécelles cartos provenientes do seu partido en Alemaña, se ben sinala que “*isto haberá que se facer un tanto extraoficialmente*”. Tras a reunión, Olga ponse en contacto coa dirección nacional de ASC, concretamente, fala con Juan Ignacio, que lles convida a continuar os contactos cos mencionados políticos alemáns en orde a que se leve a cabo o proposto.

Tras unha nova reunión en Bruxelas entre os eurodeputados de ASC e o vicepresidente de “Nova Unión” en data de 26 de outubro, teñen lugar os seguintes feitos:

- O 2 de novembro, Hannah Haider, Ministra de Economía do Goberno rexional de Baviera e membro de Reforma Alemá, realiza unha transferencia por valor de 412.000 € dende unha conta bancaria radicada en Suíza con destino á referida conta en Uruguai de ASC xestionada indirectamente por Carmen. A cantidade sinalada tiña a súa orixe nuns fondos reservados do Goberno rexional.
- O 27 de novembro, Jonah Penz, deputado do Parlamento Federal por Reforma Alemá, transfire a cantidade de 43.000 € á conta corrente en Uruguai de ASC dende unha conta bancaria situada en Bahamas respecto da cal é o único titular.

O 21 de decembro ten lugar a celebración das eleccións xerais, nas que ASC obtén un importante número de escanos no Congreso dos Deputados e no Senado. Diante da

imposibilidade de proceder á formación do Goberno, publícase no Boletín Oficial do Estado o decreto de disolución das Cortes Xerais en data de 24 de xullo de 2017, establecéndose como data para a celebración de novos comicios electorais o día 24 de setembro.

O 26 de xullo de 2017, publícase no BOE o “Informe de fiscalización dos estados contables dos partidos políticos e as aportacións recibidas polas fundacións e demais entidades vinculadas ou dependentes deles, exercicios, 2014 e 2015” do Tribunal de Contas, no que se advirte que ASC, entre outras formación políticas, carece dun verdadeiro sistema de auditoría interna a efectos de manter unha adecuada contabilidade.

O 31 de xullo, Esperanza, conselleira delegada do Banco Hipólito, S.A., con domicilio social en España, reúñese con Juan Ignacio aos efectos de renegociar unha débeda contraída por ASC con esta entidade en data de 27 de outubro de 2016 por valor de 19.000.0000 €. Esperanza acorda con Juan Ignacio a condonación do 31% da débeda.

Posteriormente, o 11 de setembro, Francisco realiza unha aportación a ASC por valor de 25.000 € co obxecto de axudar ao partido cubrir os seus gastos durante a campaña electoral, se ben a tesouraría do partido só fai pública na contabilidade oficial a percepción dunha aportación de 9.320 €.

Tras a celebración das eleccións, ASC convértese no segundo partido con máis escanos no Congreso dos Deputados e no Senado. O día 5 de outubro, Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen, entre outros, prestan a súa promesa de acatamento á Constitución como deputados na sesión constitutiva do Pleno do Congreso. O día 7 de decembro, Manuel Mejía é investido Presidente do Goberno tras chegar ASC a un acordo co Partido Democrático Independente.

O 5 de xaneiro de 2018, Paula, alcaldesa de Málaga, acode aos Tribunais para pór en coñecemento da xustiza a reunión acontecida o 30 de novembro de 2016, aportando as gravacións que efectuara no transcurso da mesma. O 10 de xaneiro, previa autorización xudicial, axentes da Unidade Central Operativa da Garda Civil efectúan un rexistro na sede nacional do partido, incautando unha serie de dispositivos informativos e achando documentación relativa á conta bancaria non oficial de ASC en Uruguai e outros arquivos da contabilidade paralela do partido, así como unhas gravacións atopadas no despacho de Carmen que esta realizara en certas reunións sen o coñecemento de Manuel Mejía nin de Juan Ignacio.

### **3.- CUESTIÓN 1: DETERMINE A CUALIFICACIÓN PENAL DAS POSIBLES INFRACCIONES COMETIDAS**

#### **I.- DELITO DE FINANCIAMIENTO ILEGAL DE PARTIDOS POLÍTICOS**

##### **A.Marco de actuación**

O caso que se nos presenta non se pode resumir nunha única infracción penal. Atopámonos cun claro exemplo dun conxunto de ilícitos onde se erosionan varios bens xurídicos protexidos e que, polo tanto, son causa da comisión de máis dun delito. É clara a existencia dun delito de financiamento ilegal, recollido no artigo 304 bis do Código Penal tras a última reforma acometida en 2015. Porén, esta figura non acolle todas as actuacións ilegais nin é salvagarda de todos os intereses xurídicos ultraxados nos antecedentes de feito, senón que se apreciará en concurso xunto con outras figuras penais que veremos máis adiante.

En efecto, a Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica o Código Penal, introduce os artigos 304 bis e 304 ter baixo o título XIII bis, “Dos delitos de financiamento ilegal dos partidos políticos”. Esta previsión xorde como resposta á necesidade enunciada pola doutrina de ter unha figura penal autónoma para o financiamento ilegal dos partidos políticos, dada a posición central dos mesmos no sistema constitucional democrático, o cal é o ben xurídico protexido. Así o relata, por exemplo, a profesora Puente Alba, recollendo a posición doutrinal maioritaria ao respecto: “*o ben xurídico aquí tutelado podería situarse no correcto funcionamiento do sistema democrático de partidos, caracterizado pola transparencia no seu financiamento, pola igualdade de oportunidades para todas as formacións políticas, e pola necesaria confianza dos cidadáns neste sistema, base fundamental do Estado democrático*”<sup>1</sup>. É un ben xurídico autónomo e diferente respecto aos sinalados en procesos xudiciais anteriores a 2015, centrados no adecuado funcionamento da Administración e a transparencia nas súas relacións. Neste caso podemos sinalar o delito de suborno, tipificado nos artigos 419 a 427 bis do Código Penal, que trataremos noutro apartado.

Deste xeito, atopamos no relato dos feitos o ilícito do financiamento ilegal de partidos políticos, regulados no artigo 304 bis CP, que convierte nunha conduta relevante de cualificación como típica dende o punto de vista penal as actividades prohibidas na lexislación específica da materia (Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre Financiamento de Partidos Políticos -en diante, LOFPP). Antes da promulgación da reforma penal de 2015, estas conductas eran produto dunha infracción administrativa pero non tiñan consideración de ser tratadas pola xurisdición penal.

A partir da introdución do artigo referido, no apartado 1 recóllense como ilícitos penais a recepción de doazóns recollidas no artigo 5.1 LOFPP: as anónimas, finalistas ou revogables; as procedentes dunha mesma persoa que excedan a cantidade anual de 50.000 euros; e as procedentes dunha persoa xurídica ou de entes sen personalidade xurídica. Deste xeito, entrarán dentro desta consideración os seguintes feitos:

---

<sup>1</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de Partidos Políticos*, Tirant lo banch, Valencia, 2017, p.59.

- As doazóns realizadas ao partido Alianza Social Cívica (ASC) por Braulio os días 4 de outubro (35.000 euros) e 8 de novembro (632.000 euros) de 2016, sumando un total de 667.000 euros que, por superar en máis de 500.000 euros o límite de doazón máxima anual, aplicárase o tipo agravado do delito establecido no apartado 2.a) do mesmo artigo. Por outro lado, non se pode esquecer da vista as circunstancias especiais da segunda doazón, realizada a través dunha persoa xurídica, prohibido tamén na lexislación comentada, domiciliada no estranxeiro e con destino a unha conta bancaria radicada tamén fóra das fronteiras do estado español e da que non hai constancia da súa existencia por parte do Tribunal de Contas, órgano encargado da fiscalización e control da actividade financeira dos partidos políticos.
- A transferencia a ASC realizada o 2 de novembro de 2016 por Hannah Haider por valor de 412.000 euros á conta bancaria radicada no estranxeiro e procedentes de fondos reservados do Goberno Rexional de Baviera, Alemaña, o que significa a aplicación do tipo agravado do artigo 304 bis 2.b) CP por recibir doazóns de administracións públicas estranxeiras (prohibidas explicitamente no artigo 7.2 LOFPP, ó que fai referencia o precepto citado do Código Penal) e que supera o montante de 100.000 euros.

Estas son as condutas que entran dentro da aplicación do delito de financiamento ilegal de partidos políticos. O resto de doazóns non se poden considerar que infrinxen o citado artigo -o que é mostra da insuficiencia do mesmo, segundo a crítica feita pola doutrina maioritaria e na que non entraremos agora por non ser o obxecto principal do traballo. Así, as doazóns realizadas por Francisco en 2016 non poden ser consideradas como ilícitos se son tomadas en abstracto, sen relación co resto de condutas detalladas.

En primeiro lugar, a doazón realizada o 12 de xullo por Francisco dun edificio de oficinas con valor de 500.000 euros cumpre cos requisitos legais establecidos. O importe máximo de 50.000 euros anuais por persoa non rexe para as doazóns de bens inmóbiles, xa que o artigo 5.1 LOFPP, empregado de referencia para o financiamento ilegal de partidos políticos, exclúe explicitamente este tipo de doazóns. A única salvagarda legal que estipula é que a doazón sexa aceptada “*mediante certificación expedida polo partido político na que se faga constar, ademais da identificación do doador, o documento público ou outro documento auténtico que acredite a entrega do ben doado facendo mención expresa do carácter irrevogable da doazón*” (artigo 4.2.e) LOFPP) e que a mesma sexa notificada ao Tribunal de Contas no prazo de tres meses dende a súa aceptación. Polo descrito nos feitos, non hai ningunha sinal de que o procedemento seguido para a aceptación da doazón sexa diferente á legalmente válida. Nos antecedentes si se deixa constancia da existencia do certificado emitido polo órgano correspondente de ASC para a aceptación. Por outro lado, e en aplicación do principio *in dubio pro reo*, ao non existir referencia expresa da non notificación ao Tribunal de Contas dentro do prazo fixado, entendemos que esta si se produciu e que a doazón cumpre con todos os trámites legais necesarios.

A continuación, a doazón de 66.000 euros de Francisco con data do 26 de outubro non constitúe un ilícto penal, posto que se realiza a favor da fundación “Cambio Social”. Esta entidade, malia estar vinculada ao partido ASC por previsión legal (tras a reforma na LOFPP de 2012 e a inclusión da Disposición Adicional Sétima, considérase vinculada a un partido á entidade, entre outros circunstancias, cuxa maioría dos membros nos órganos de administración son nomeados polo primeiro, como efectivamente ocorre coa fundación

“Cambio Social”, que conta cun patronato co 66% dos seus integrantes elixidos polo partido ASC), as doazóns realizadas a este tipo de entes non contan cun máximo anual regulado. A mesma Disposición Adicional, no seu punto 5, exclúe ás fundacións, asociacións e demais entidades vinculadas do límite de 50.000 euros anuais para as doazóns por parte dunha mesma persoa. Esta circunstancia foi moi criticada pola doutrina, xa que está realizada sen aparente xustificación, e en palabras da profesora Puente Alba, “*a inexistencia de límites persoais e cuantitativos nas súas vías de financiamento constitúe un serio obstáculo para garantir unha auténtica transparencia e limitación nos procesos de financiamento das formacións políticas*”<sup>2</sup>, deixando unha vía aberta á lesión do ben xurídico que intenta protexer o artigo 304 bis CP e posibilitando a fraude no financiamento indirecto das actividades dos partidos políticos por vías non ilícitas pero que si chocan co espírito de protección da transparencia e da igualdade de oportunidades no sistema democrático de partidos. A única posibilidade para perseguir esta conduta é que se substanciara o emprego dos cartos para sufragar actividades exclusivas do partido ASC e non da fundación “Cambio Social”. Porén, atopámonos aquí con dificultades probatorias ao respecto, que imposibilitan en gran medida a persecución da mesma por ilícita.

Por outro lado, a doazón realizada polo deputado federal polo partido xermano Reforma Alemá, Jonah Penz, cumpre cos parámetros legais dende o punto de vista da lexislación de partidos políticos. Trátase dunha contribución realizada por unha persoa física estranxeira (contemplado polo artigo 7.1 LOFPP) por valor de 41.000 euros, inferior ao límite máximo anual permitido de 50.000 euros, xa comentado anteriormente. Sen embargo, a tipicidade desta operación, se ben non encaixa dentro do suposto do artigo 304 bis CP, si o fai se se ten en conta ao conxunto da mesma: unha transferencia realizada dende unha conta bancaria sita en Bahamas, paraíso fiscal, procedente de cartos de dubidosa preferencia, e depositada nunha conta bancaria controlada por Carmen, a tesoureira do partido ASC a través de varios testaferros, co obxecto de contribuír ao financiamento da organización. Así o estipula o artigo 7.1 LOFPP *in fine*: a validez das doazóns de persoas estranxeiras deben cumplir “*os requisitos da normativa vixente sobre control de cambios e movemento de capitais*”.

Outra das operación que fica fóra do ámbito de penalidade do artigo 304 bis CP é a condonación de débeda realizada o 31 de xullo a ASC polo Banco Hipólito, S.A., a través da súa conselleira delegada Esperanza. E elo a pesar de estar esta operación prohibida pola LOFPP: “*As entidades de crédito non poderán efectuar condonacións totais ou parciais de débeda aos partidos políticos*” (art. 4.3 *in fine*). Para solventar calquera dúbida posible, o mesmo precepto define o que se entende por condonación: “*a cancelación total ou parcial do principal do crédito ou dos intereses vencidos ou a renegociación do tipo de interese por debaixo dos aplicados en condicións de mercado*”. O acordo levado a cabo por Esperanza e o vicesecretario xeral do partido ASC Juan Ignacio entra dentro da definición recollida pola presente lei, isto é, a conclusión do compromiso de pago do 31% dos 19.000.000 euros de débeda que ASC ten contraída co Banco Hipólito, S.A. Non resulta significativo que se trate dunha condonación de parte da débeda e non da súa totalidade, xa que a normativa é contundente á hora de prohibir calquera cancelación dos compromisos de pagamento, sexan totais ou parciais, coma este caso. Polo tanto, non cabe dúbida que mediante a operación detallada estase a acometer unha irregularidade.

---

<sup>2</sup>PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de Partidos Políticos*, p.97

Con todo, esta actuación contraria á lei non é relevante para que se poida aplicar o delito de financiamento ilegal de partidos políticos. O artigo 304 bis CP delimita de xeito claro cales son as operacións que poden dar lugar á aplicación do precepto penal, facendo unha remisión plena aos artigos 5.1 e 7.2 LOFPP, non podendo ser aplicado para infraccións doutros preceptos, coma é neste caso na condonación de débeda. A doutrina ten criticado duramente a insuficiencia do marco de actuación imposto a este delito, xa que deixa fóra unha ampla gama de operacións que poden acadar os mesmos obxectivos que as conductas penadas pero fica sen o mesmo castigo penal<sup>3</sup>. Tamén foi un aspecto criticado pola Comisión Europea e o Grupo Específico de Estados contra a Corrupción (GRECO), que nos seus informes sobre a lexislación española na materia ten sinalado a posible fraude que podería significar na competencia e a igualdade do sistema democrático de partidos a permisividade das cancelacións de débedas por parte das entidades de crédito ou organismos similares (como así era ata a reforma da LOFPP a través da Lei Orgánica 3/2015)<sup>4</sup> así como a falta de consecuencias penais vía o artigo de recente creación 304 bis CP.

Outra dos feitos que incumpren a normativa partidista pero que non entra no ámbito de penalidade do financiamento ilegal de partidos políticos é a doazón realizada o 11 de setembro de 2017 por Francisco a ASC para colaborar a sufragar gastos electorais. Segundo a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, “*ningunha persoa, física ou xurídica, pode aportar más de 10.000 euros ás contas abertas por un mesmo partido, federación, coalición ou agrupación para recadar fondos nas eleccións convocadas*” (art. 129). Nos antecedentes indícase que a achega desembolsada por Francisco foi de 25.000 euros, superior ao límite legal establecido, pero que na contabilidade oficial electoral só foi declarada unha aportación de 9.320 euros, por debaixo do máximo legal de 10.000 euros. Existindo aquí dúas infraccións (a falsidade na contabilidade electoral e a recepción dunha doazón de cantidade superior á permitida), non hai lugar á aplicación do delito de financiamento de partidos políticos por quedar á marxe do ámbito típico descrito, de igual xeito que no caso anterior. Tratarase máis adiante as consecuencias, penais e administrativas, destes feitos.

## B. Suxeto activo

Delimitado o marco de actuación do delito de financiamento ilegal de partidos políticos, fica concretar os suxeitos penalmente responsables polas infraccións cometidas. O Código Penal é claro nesta materia: será culpable tanto quien recibe a doazón ilegal (art. 304 bis.1) como quien a entrega (art. 304 bis.4). O delito tipifícase como común, non sendo necesaria reunir ningunha categoría especial para ser responsable do mesmo. Non se esixe particularidade algunha para reunir as características de autor do ilícito máis alá de cometer a conducta típica.

Deste xeito, no caso a exame, o suxeito responsable por parte de ASC é Carmen, a tesoureira do partido. Segundo o artigo 14 bis LOFPP, “*o responsable da xestión económico-financeira responderá da regularidade contable reflectida nas contas anuais*”. A

---

<sup>3</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de Partidos Políticos*, 2017, p.85.

<sup>4</sup> Greco RC-III (2015) 16E, Third Evaluation Round, Second Addendum to the Second Compliance Report on Spain, 9 de febreiro 2016

falta de resolución expresa nos antecedentes e ter coñecemento do que se expresa nos estatutos do partido político para saber en quen recae a responsabilidade citada, pódese establecer unha analogía entre as figuras de responsable da xestión económica-financeira, o termo indicado na lexislación, e a tesoureira, o cargo dentro de ASC que ocupa Carmen. Non resulta relevante que ela fora a persoa que recibira a doazón. Fontes doutrinais sinalan que a cuestión que delimita a responsabilidade é o consentimento na incorporación dos fondos ilegais, tendo iso si a capacidade de decisión no funcionamento do partido<sup>5</sup>. As dúas doazóns que poden ser consideradas dentro do marco do delito do 304 bis (as realizadas polo empresario Braulio o 4 de outubro e o 26 de novembro de 2016 e a desembolsaba por Hannah Haider o 2 de novembro do mesmo ano) son depositadas na conta bancaria radicada en Uruguai e controlada pola tesoureira Carmen a través de varios testaferros. Por este motivo, se Carmen ten a potestade de control sobre dita conta, ten a autoridade para rexeitar ou aceptar as doazóns referidas, quedando demostrado o seu grao de responsabilidade máximo nos ilícitos cometidos.

Porén, descansar a responsabilidade última dentro de ASC non exime de poder ser procesuados por este delito a outros membros da organización. Así o asegura parte da doutrina, como a profesora Puente Alba: “poderá ser autor do delito calquera persoa dentro do partido político que teña capacidade para aceptar a doazón destinada á formación política, e en xeral calquera que reciba a doazón e a incorpore ao patrimonio do partido”<sup>6</sup>. Non está claro se se podería investigar como posibles autores ao secretario xeral de ASC, Manuel Mejía, e o vicesecretario, Juan Ignacio. Non son suficientes os datos descritos nos feitos para cargar con suficiente eficacia probatoria que Manuel Mejía e Juan Ignacio teñan capacidade para aceptar a doazón e incorporala á masa patrimonial do partido.

En cambio, si existen as evidencias necesarias para imputarles o delito de financiamento ilegal como cooperadores necesarios da tesoureira Carmen. Na primeira operación que se somete a análise, o empresario Braulio realiza a doazón de 632.000 euros á conta bancaria de ASC despois de manter unha conversa co secretario xeral do partido, Manuel Mejía, vía telefónica en outubro de 2015. Sen a interlocución deste último, accedendo a unha reunión o día 28 de outubro de 2015 xunto con Juan Ignacio e Carmen, non tería sido posible a consumación da doazón ilegal comentada. Noutra instancia, o vicesecretario xeral, Juan Ignacio, é a persoa que contacta cos alcaldes do seu partido para que concedan as licencias e autorizacións administrativas que solicitaban os empresarios Braulio e Francisco como contrapartida ás achegas realizadas. Polo tanto, é indiscutible que a actuación de ambos os dous cargos do partido, se ben poden non ter ningunha capacidade de decisión sobre a aceptación ou recepción das achegas (sen posibilidade de probar a falta de acceder aos estatutos de ASC ou outros datos para coñecer as competencias dos cargos particulares), si son partícipes do delito a título de cooperadores necesarios por ser aúa implicación imprescindible para a consumación do mesmo.

Na segunda doazón a exame, a realizada por Hannah Haider o 2 de novembro de 2016, non hai indicios da participación como cooperador necesario do secretario xeral Manuel Mejía, non intervindo en ningún momento nas conversas previas ao ilícito. Nin sequera pode ser probado que Manuel Mejía teña coñecemento da operación. Cuestión

<sup>5</sup> MUÑOZ CUESTA, JAVIER, “Delitos de financiación ilegal de partidos políticos”, Revista Aranzadi Doctrinal, 2015/5, pp. 1-9.

<sup>6</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de Partidos Políticos*, p. 101

contraria é a do vicesecretario Juan Ignacio, quen si é coñecedor da intención de Hannah Haider, tras comunicárenlo os eurodeputados do seu partido María, Olga e Rodrigo, e incluso incitando a que continuara a operación cando ten a oportunidade de paralizala. A súa actuación volve ser necesaria para a consumación do ilícito, do mesmo xeito que a de María, Olga e Rodrigo, as persoas que comezan os contactos cos doadores estranxeiros. Polo tanto, as catro persoas deben ser responsables do delito de financiamento ilegal a título de cooperador necesario, alén da responsabilidade da tesoureira Carmen como autora deste.

Con todo, non se pode obviar a responsabilidade do partido político ASC como persoa xurídica con existencia propia e independente das persoas implicadas nas operacións. O apartado quinto do artigo 304 bis CP recolle esta posibilidade sempre e cando poida ser imputada a responsabilidade ao partido político en orde aos criterios delimitados no mesmo Código Penal: “*as persoas xurídicas serán penalmente responsables: a) Dos delitos cometidos no seu nome ou por conta das mesmas, e no seu beneficio directo ou indirecto, polos seus representantes legais ou por aqueles que actuando individualmente ou como integrantes dun órgano da persoa xurídica, están autorizados para tomar decisiones en nome da persoa xurídica ou ostenta facultades de organización e control dentro da mesma*” (art. 31 bis. 1 CP). Entrarase máis a fondo neste asunto na cuestión 4, destinada especificamente ás consecuencias penais para o partido ASC.

Para rematar, e como se indicou previamente, tamén son autores do delito de financiamento ilegal quen entregan a doazón. Nas condutas analizadas, son tamén culpables a título de autores o empresario Braulio pola parte que excede do límite de 50.000 euros doados no ano 2016 e a deputada Hannah Haider pola doazón realizada con fondos reservados do Goberno Rexional de Baviera. Nesta última operación son tamén responsables como cooperadores necesarios o presidente do Grupo Parlamentar Europeo “Nova Unión”, Ernst Münnig, e o vicepresidente do Grupo e presidente do partido político Reforma Alemá, Boris Herdberg. A actuación de ambos cargos públicos devén imprescindible para que se consuma a doazón de Hannah Haider, establecendo en primeiro lugar contacto cos eurodeputados de ASC Rodrigo, Olga e María para ofrecer a axuda financeira do seu partido e Grupo Parlamentar, sendo conscientes do marco “extraoficial” que require a operación, como así llelo manifestan aos eurodeputados españois. Posteriormente, tras unha nova xuntanza entre Boris Herdberg e os membros de ASC no Parlamento Europeo, existen suficientes conexións probadas para afirmar que o Boris Herdberg, ou ben enuncia a orde a Hannah Haider para que realice a doazón analizada, ou ben convida á mesma para que a efectúe. En calquera caso, é evidente a relación causal entre o ofrecemento de Boris Herdberg e Ernst Münnig, as reunións cos eurodeputados e a doazón de Hannah Haider.

### C. Especial gravidade

Para rematar coa aplicación do artigo 304 bis CP, o apartado 3 prevé un tipo agravado para os casos de “*especial gravidade*”, que consiste no aumento da pena nun grao. Non se inclúe aclaración na lexislación sobre o que se debe entender por especial gravidade neste delito ou no resto de artigos onde se emprega esta expresión. Tampouco na doutrina existe unanimidade sobre o seu significado. As teses varían dende que a expresión fai referencia a supostos de grande impacto económico ata posturas que se centran na persoa autora da

doazón ou a fin dos cartos doados. Con todo, a opinión máis compartida delega no poder xudicial a facultade de apreciar este tipo agravado<sup>7</sup>.

Nos casos que nos incumben, non debe haber lugar á apreciación deste tipo agravado debido á xa aplicación dos tipos do apartado 2 por mor das cantidades recibidas pola formación política. Non hai, a vista dos feitos relatados, circunstancias excepcionais que xustifiquen a presenza dunha actuación de “especial gravidade” e provoquen unha segunda agravación das penas.

## II.- OUTROS DELITOS

Ademais do delito xa determinado, nos antecedentes explicitanse outra serie de circunstancias que agochan unha relevancia penal de importancia. Neste apartado iranse analizando os casos concretos que entran no marco de actuación do Código Penal.

### A.Doazóns dos empresarios Francisco e Braulio

A análise céntrase aquí nos acontecementos sucedidos entre outubro de 2015 e novembro de 2016 cos empresarios Francisco e Braulio de coprotagonistas. Comeza cunha serie de conversas entre eles e os representantes de ASC Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen, onde os primeiros comunican o seu interese en “*axudar ao partido seguir prosperando*” a cambio de “*falar con algúns alcaldes deses*”, en referencia aos membros do seu partido que ocupan a posición de primeiro edil nas cidades de Málaga, Córdoba, Castellón, Valencia, Toledo, Cáceres e San Sebastián de los Reyes. Posteriormente, os rexedores son informados polo vicepresidente de ASC Juan Ignacio das intencións dos empresarios Braulio e Francisco e do incentivo que recibirían en caso de acceder ao que se lles solicita: “*Sería bo ofrecerelles os permisos e as licitacións*”, en voz de Juan Ignacio, “*Se nos portamos ben, levámonos todos “primas de risco” [...] O xefe e mais eu o 5, e vós o 3 por cada concesión*”.

A continuación, entre os meses de xaneiro e maio, son concedidos contratos e autorizacións administrativas a empresas de Braulio e Francisco por concellos de Córdoba, Castellón, Valencia, Toledo, Cáceres e San Sebastián de los Reyes. Aquí cómpre pararse brevemente nun par de puntos:

1. Non consta que esas autorizacións ou permisos sexan contrarias á lei ou que os procedementos de adxudicación non cumpriran o establecido na normativa correspondente.
2. Tampouco se fai referencia a que as dádivas enunciadas por Juan Ignacio aos alcaldes afiliados a ASC a cambio dos contratos e autorizacións foran efectivamente cobradas polos mesmos. Nin sequera consta que esas dádivas foran finalmente desembolsadas polos empresarios Braulio e Francisco.

---

<sup>7</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de Partidos Políticos*, p. 131

Porén, o que si consta son doazóns realizadas ao partido ASC e á fundación vinculada “Cambio Social” por Braulio e Francisco entre xullo e novembro de 2016, despois de seren asinados os contratos e autorizacións administrativas ás súas empresas. Unicamente as doazóns exercidas por Braulio son constitutivas dun delito de financiamento de partidos políticos segundo o artigo 304 bis CP por superar o límite máximo anual de contribucións procedentes dunha mesma persoa, como xa se indicou anteriormente. Con todo, é necesario realizar unha análise que saia da consideración en abstracto da doazón e a relate a coñunto das operacións habidas entre ASC, os seus dirixentes Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen, os alcaldes e os empresarios Braulio e Francisco.

Considerando a totalidade do relatado, evidénciase unha trama de financiamento ilegal de organizacións políticas e de delitos contra a administración pública que se mesturan e forman unha totalidade infractora contra o funcionamento do sistema democrático. Entrase nunha dinámica do publicamente denominado corrupción, definido por autores doutrinais como Queralt como “*a desnaturalización das finalidades institucionais para atender obxectivos particulares dos suxeitos, de modo habitual, permanente e mediante unha organización más ou menos estable e sólida*”<sup>8</sup>. Non se cumpren aquí os requisitos de exercicio habitual e permanente mediante unha organización estable e sólida, xa que as desviacións de poder cara intereses individuais están cinguidos a un momento temporal concreto, sen que haxa evidencias de que sexa unha actividade continuada. Por este motivo é máis correcto falar aquí de práctica corrupta e non de corrupción

Os feitos describen un escenario delitioso de suborno, recollido nos artigos 419 a 427 do Código Penal. O Fiscal do Tribunal Supremo Javier Muñoz Cuesta definiu o suborno como “*o beneficio ou vantaxe que obtén unha autoridade ou funcionario público por realizar actos, ou abstirse de facelo, relativos ao seu cargo ou función, xa sexan inxustos ou xustos*”<sup>9</sup>.

Trátase dun delito contra a Administración Pública e no que o ben xurídico protexido diverxe segundo a posición doutrinal. A profesora Olaizola Nogales<sup>10</sup> resume as diferentes posturas entre o sector que apela como ben xurídico ao principio de imparcialidade que debe estar presente en todo funcionamiento da Administración Pública (Velije Álvarez, Rodríguez Puertas); o sector que centra a súa atención na confianza da sociedade no correcto funcionamiento da Administración (Bacigalupo Zapater); aquel que o establece na non comerciabilidade da función pública administrativa (Octavio de Toledo y Ubieto); e o sector que defende a non existencia dun ben xurídico a protexer e avoga, polo tanto, pola despenalización da conduta, retrasando a actuación do marco xurídico penal ao momento en que se realice unha actuación administrativa contraria á normativa e quedando a dádiva como un agravante de prezo previsto no artigo 22.3º CP (Vizueta Fernández). Así e todo, Olaizola Nogales sitúa o ben xurídico protexido no principio de igualdade ao acceso dos servizos da

<sup>8</sup> QUERALT, J.J. *Reflexiones marginales sobre la corrupción*, Crítica penal y poder, núm. 2, 2012, p.22, disponible en <http://revistes.ub.edu/index.php/CriticaPenalPoder/article/view/2943/3182> Consultado 05-05-2019

<sup>9</sup> MUÑOZ CUESTA, JAVIER, Ponencia: “*Delitos contra la Administración Pública: en especial, prevaricación, cohecho, tráfico de influencias y malversación. Novedades tras la reforma 1/2015*”, do 18 ao 20 de outubro de 2017 Disponible en [https://www.fiscal.es/fiscal/PA\\_WebApp\\_SGNTJ\\_NFIS/descarga/Ponencia%20Mu%C3%B1oz%20Cuesta.%20Javier.pdf?idFile=4dd9685f-9e33-4be0-bdb7-cc305438646b](https://www.fiscal.es/fiscal/PA_WebApp_SGNTJ_NFIS/descarga/Ponencia%20Mu%C3%B1oz%20Cuesta.%20Javier.pdf?idFile=4dd9685f-9e33-4be0-bdb7-cc305438646b) Consultado o 05-05-2019

<sup>10</sup> OLAIZOLA NOGALES, INÉS, *La financiación ilegal de los partidos políticos: un foco de corrupción*, Tirant lo blanc, Valencia, 2014.

Administración Pública; “*creo que o que se trata de evitar a través da penalización do delito de suborno é que se lesione unha condición básica de convivencia: que os cidadáns accedan en condicións de igualdade aos servizos públicos*”<sup>11</sup>. A profesora clasifica o suborno como un delito de perigo e no que se anticipa a consumación do mesmo para penar en ocasións simples declaracións de vontade, sen chegar a recibir dádivas a cambio dunha actuación administrativa ou incluso antes de realizar esta, existindo só o mero ofrecemento ou oferta.

Entrando xa nos feitos, a conduta dos alcaldes de Córdoba, Castellón, Valencia, Toledo, Cáceres e San Sebastián de los Reyes, afiliados a ASC, pode ser penada por un delito de suborno pasivo dos artigos 419 ou 420 CP. Dentro de este apartado cómpre realizar varias puntualizacións:

- Funcionario ou autoridade pública

Os delitos de suborno pasivo recollidos nos artigos 419 ou 420 non son delitos comúns. Para ser autores dos mesmos débese reunir a condición de funcionario ou autoridade pública. Neste caso, o suxeito activo do delito son alcaldes de varias cidades do territorio español. Trátanse de cargos públicos elixidos mediante sufraxio universal nas eleccións convocadas a tal efecto. Non son funcionarios de carreira nin persoal laboral nin accederon aos seus postos a través dun proceso regrado e imparcial como as oposicións. Tampouco entra, a priori, dentro da definición estrita que recolle o Código Penal no artigo 24 CP, onde si enumera, por exemplo, outros cargos políticos designados como consecuencia de procesos electorais: os membros do Congreso dos Deputados, do Senado, das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas e do Parlamento Europeo.

Porén, si poden ser equiparados ás figuras de funcionario o actividade pública grazas á previsión do artigo 423 CP, deixando aberta a posibilidade de ser considerado suxeito activo do delito de suborno activo a calquera persoa “*que participe no ejercicio da función pública*”. É indubidable que o alcalde participe na función pública. No ámbito municipal, a máxima autoridade pública recae na súa persoa e é quen ostenta todas as competencias que o sistema constitucional democrático atribúe aos executivos locais<sup>12</sup>.

A xurisprudencia admite a interpretación ampla do concepto de funcionario ou autoridade, excedendo os límites do ámbito administrativo. Así o argumenta o Fiscal Xeral do Tribunal Supremo Javier Muñoz Cuesta:

A doutrina xurisprudencial en canto a que se entende por funcionario a efectos penais, seguindo o artigo citado [en referencia ao artigo 24 CP] e facendo unha interpretación acorde á esfera penal da figura do servidor público, estableceu na STS 560/2015, de 30 de setembro, que o concepto que nos ocupa é máis amplio que o que se emprega no ámbito do Dereito administrativo, xa que neste os funcionarios son persoas incorporadas á Administración Pública por unha relación de servizos profesionais e retribuídos, polo contrario, o concepto penal non esixe as notas de incorporación nin permanencia, senón fundamentalmente a participación na función pública, á que debe accederse por calquera das tres vías de designación que recolle o citado art. 24 CP, non importando nin os requisitos de selección para o ingreso, nin a categoría por modesta que for, nin o sistema de

<sup>11</sup> OLAIZOLA NOGALES, INÉS, *La financiación ilegal de los partidos políticos: un foco de corrupción*, p. 47

<sup>12</sup> Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Artigo 21.1

retribución, nin o estatuto legal e regulamentario nin o sistema de previsión, nin ainda a estabilidade ou temporalidade, resultando suficiente un contrato laboral ou incluso o acordo entre o interesado e a persoa investida de facultades para o nomeamento<sup>13</sup>.

A consideración de funcionario público non depende do método de elección ou da vía de acceso ao posto ou cargo público. No marco penal a condición de funcionario obtense polo exercicio da función pública, a calquera nivel. Polo tanto, os alcaldes citados nos antecedentes poden ser suxeitos activos do delito de suborno dos artigos 419 e 420 CP.

- Acto contrario ou acto propio aos seus deberes.

Neste apartado é onde se ten que discernir a diferencia entre os artigos 419 e 420 CP. O primeiro pena as condutas do funcionario ou autoridade pública contraria ao derecho e aos seus deberes inherentes no cargo a cambio de recibir dádiva, retribución ou favor, ou aceptase promesa de recibilo. Pola contra, o segundo pena a conduta propia do seu cargo e sen infrinxir ou ir máis alá das súas funcións e competencias como servidor da Administración Pública, pero que realiza en contrapartida á dádiva entregaba ou promesa efectuada.

A distancia entre tales actos é substancial, xa que na primeira se produce unha creba da lei coa intervención do funcionario. Volvendo á tese doutrinal defendida polo fiscal Javier Muñoz Cuesta, “*o núcleo do delito é a execución polo suxeito activo do tipo dun acto propio do cargo e contrario aos deberes inherentes ao mesmo, o que supón que o funcionario se separe das súas obrigas legais que ten encomendadas e actúa de forma contraria ao derecho en xeral e á norma que regula a súa función en particular*”<sup>14</sup>. No segundo tipo, “*o funcionario non realiza unha conduta contraria aos deberes do seu cargo, senón por realizar ou executar aquello que entra nas obrigas que ten asignadas na función pública que desenvolve, é dicir sempre un acto conforme ao ordenamento xurídico*”<sup>15</sup>. Mientras que no primeiro artigo se pena a realización dun acto contrario a derecho para obter unha dádiva ou recompensa, no segundo estase a penar que a actividade do funcionario, ainda sendo correcta conforme ao ordenamento xurídico, sexa premiada por un particular. Esta diferencia na conduta leva a unha penalidade distinta, prevendo o lexislador un castigo maior no primeiro caso que no segundo.

No caso que nos atén, á vista dos feitos relatados non existen evidencias que empuren de xeito claro e incuestionable a calidade do comportamento dos alcaldes de Córdoba, Castellón, Valencia, Toledo, Cáceres e San Sebastián de los Reyes. Como indicados anteriormente, o único que se indica é que, despois de serles prometidas “*primas de risco*” a eles e os dirixentes de ASC, “*entre os meses de xaneiro e maio de 2016, prodúcese a adxudicación dunha serie de contratos e de autorizacóns administrativas ás*

<sup>13</sup> MUÑOZ CUESTA, JAVIER, Ponencia: “*Delitos contra la Administración Pública: en especial, prevaricación, cohecho, tráfico de influencias y malversación. Novedades tras la reforma 1/2015*”, do 18 ao 20 de outubro de 2017, p. 8

<sup>14</sup> MUÑOZ CUESTA, JAVIER, Ponencia: “*Delitos contra la Administración Pública: en especial, prevaricación, cohecho, tráfico de influencias y malversación. Novedades tras la reforma 1/2015*”, do 18 ao 20 de outubro de 2017, p. 10

<sup>15</sup> MUÑOZ CUESTA, JAVIER, Ponencia: “*Delitos contra la Administración Pública: en especial, prevaricación, cohecho, tráfico de influencias y malversación. Novedades tras la reforma 1/2015*”, do 18 ao 20 de outubro de 2017, p. 14

*empresas de Braulio e Francisco e a algunhas das súas filiais nas cidades antes citadas*”. Só a partir destes datos non podemos catalogar as resolucións dos alcaldes como contrarias ou conformes ao ordenamento xurídico en vigor.

O único posible indicio da ilegalidade destes actos podería ser contemplado na advertencia que realiza a alcaldesa da cidade de Málaga, Paula, sobre a probable ilegalidade do solicitado polos dirixentes do partido ASC tras as conversas mantidas cos empresarios Braulio e Francisco. Porén, a raíz dos feitos que se disponen, é máis sostible a postura de que a advertencia mantida por Paula fai referencia ao feito de aceptar ou recibir as dádivas prometidas, non das concesións de contratos e autorizacións administrativas en si mesmo consideradas. Ademais, e aínda que se aceptara a tese de que as palabras de Paula ían consideradas en relación co quebranto da normativa municipal para conceder as autorizacións citadas sen cumplir os requisitos e procedementos establecidos a tal efecto, a advertencia exacta é de posible ilegalidade, non habendo constancia que confirme e sen posibilidade de ser rebatida o quebranto do ordenamento xurídico. Polo tanto, e en aplicación do principio “*in dubio pro reo*”, atendidas as circunstancias do caso débese entender que a conduta levada a cabo polos alcaldes afiliados a ASC entra no marco xurídico do suborno pasivo impropio do artigo 420 CP (recepção de dádivas ou recompensas por realizar actos conforme á lei).

- Dolo

O delito de suborno esixe a comisión dolosa, non sendo posible a imprudencia. O suxeito activo debe coñecer o perigo para o ben xurídico protexido que supón a súa conduta e seguir adiante con ela, sendo consciente do resultado atípico, o mesmo que persegue mediante a realización de tal actuación<sup>16</sup>.

No caso concreto, non hai lugar a dúbidas sobre o coñecemento da vulneración do ordenamento xurídico por parte dos alcaldes de ASC accedendo á petición dos dirixentes do seu partido, Manuel Mejía e Juan Ignacio. Non é excesiva a dilixencia que se lle pode prever a unha figura administrativa e política de alto rango como o rexedor dunha cidade mediana para coñecer a ilegalidade da actividade. Por outro lado, os feitos relatan a advertencia da alcaldesa de Málaga, a única que non accede a conceder as autorizacións aos empresarios Braulio e Francisco, sobre “*a posible ilegalidade do solicitado*”. Advertencia que realiza directamente ao vicepresidente de ASC Juan Ignacio e diante do resto de alcaldes do seu partido, sen que ningún rebata a súa visión sobre a ilicitude da petición, manifeste discrepancias ou dubide da súa implicación na operación. Polo tanto, pódese concluír que todos os alcaldes investigados eran coñecedores do perigo para o ben xurídico protexido que supuña a aceptación das dádivas prometidas e que perseguiron conscientemente a vulneración dolosa do ordenamento xurídico.

- En proveito propio ou de terceiro

O artigo 420 CP contempla que a dádiva, recompensa ou retribución sexa en proveito propio ou de terceiro, admitindo como terceiro o partido político que está afiliado, neste caso o ASC. A dádiva ou recompensa é dobre. Nun primeiro momento, os alcaldes únicamente teñen coñecemento da entrega por parte dos empresarios Braulio e Francisco de “*primas de risco*”, en forma de retribucións persoais do 3% para eles e do 5% para os dirixentes do

---

<sup>16</sup> STS 166/2017, de 14 de marzo (RJ 2017/1159)

partido. Posteriormente, tras obter as autorizacións e contratos, os empresarios realizan unha serie de doazóns aos fondos do propio partido político, pero sen que conste que estas foran prometidas nas conversas iniciais con Manuel Mejía e Juan Ignacio. Existe un interese en abstracto en “*axudar ao partido*” pero sen que se concrete o significado desta expresión, podendo referirse ás doazóns finalmente efectuadas a ASC ou ás mordidas persoais prometidas aos alcaldes. Porén, non resulta relevante este extremo, posto que quedou probado a persecución do interese propio polos rexedores. A existencia dunha recompensa para terceiros é complementaria pero o elemento subxectivo do tipo xa se produce coa existencia dese proveito persoal.

Por outro lado, e malia non haber constancia do efectivo cobramento das recompensas prometidas, este non é un asunto de relevancia á hora de perseguir a conduta dos alcaldes. O elemento obxectivo considera suficiente a mera aceptación da promesa ou ofrecemento de dádiva, retribución a cambio de realizar un acto conforme aos seus deberes no cargo, independentemente de que finalmente reciba o prometido. Á vista dos feitos non se pode afirmar que os empresarios Braulio e Francisco entreguen as “primas de risco”, pero si se pode probar a aceptación das promesas dos primeiros, aínda que implícita, por parte dos alcaldes de Córdoba, Castellón, Valencia, Toledo, Cáceres e San Sebastián de los Reyes. E elo grazas de novo á actitude da alcaldesa de Málaga, Paula, advertindo da ilegalidade das intencións perseguidas e negándose a conceder as autorizacións e contratos, mentres o resto de primeiros edís permanecen calados durante a conversa onde reciben as instrucións de Manuel Mejía e Juan Ignacio, sen manifestar oposición, rexitamento ou incluso plantear dúbidas, e logo concedendo os permisos que se lles solicitaban. A partir destes indicios é clara a intención de aceptar a promesa de dádivas ou retribucións.

Por último, queda un elemento do tipo inxusto: a conexión entre a dádiva ou aúa promesa e a actividade dos cargos públicos. Este extremo é sempre moi complicado de demostrar debido en parte á configuración de todo o derecho penal, e en especial os delitos contra a Administración Pública, a partir da estrutura de figuras como o homicidio e as lesións. Así o explica, por exemplo, o profesor Maroto Calatayud:

A pesar da introdución das figuras do intermediario, aceptar a participación de particulares e relativizar a importancia de elementos como o beneficio persoal do funcionario, os tipos de suborno e tráfico de influencias presuponen unha relación de reciprocidade lineal, directa, que ten lugar entre poucos intervenientes, que pouco se corresponden coa complexa dinámica organizativa e a dimensión colectiva das operacións de financiamento ilegal. Polo contrario, canto más consistentes son os intereses que empurran ou incitan á corrupción más completa é a posta en xogo, co dobre fin de non deixar pegadas das operacións ilícitas e de conservar e alimentar a posición de poder tutelánda tamén de eventuais incidentes xudiciais de persecución; e unha regra habitual desa posta en xogo á clandestinidade do intercambio, isto é, a de que, para evitar facerse facilmente vulnerable, o suxeito que se mostra favorable a corromperse nunca actuará de maneira directa, senón buscando un intermediario sobre o que poidan recaer as eventuais consecuencias prexudiciais do erro<sup>17</sup>

---

<sup>17</sup> MAROTO CALATAYUD, MANUEL, *La financiación ilegal de partidos políticos. Un análisis político-criminal*, Marcial Pons, Madrid, 2015, p. 226

Esta dificultade para probar a relación de conexión provocou o peche de varios procesos de investigación xudicial a través do arquivo do expediente ou a absolución de imputados (véxase por exemplo o caso AVE<sup>18</sup>). A complexidade das tramas obstaculiza a demostración da relación causal entre o ofrecemento de dádiva e as resolucións do cargo público ou funcionario.

Nos antecedentes de feito, a conexión redúcese a unha concatenación de actos, ordenados temporalmente e que abre a posibilidade de introducir sospeitas sobre a concesión das autorizacións e contratos. En primeiro lugar, a finais de 2015 prodúcese o ofrecemento de recompensa aos alcaldes. A continuación, no primeiro semestre de 2016 concédeose o solicitado polos empresarios Braulio e Francisco nas cidades baixo goberno de persoas afiliadas a ASC e que foron previamente informadas das intencións dos primeiros. Pese a non constar explicitamente que a motivación das resolucións administrativas citadas sexa a promesa da dádiva, sequera parcialmente, existen evidencias suficientes para establecer a relación causal necesaria que constitúe o elemento obxectivo do tipo delituoso. Non se pode afirmar que tales resolucións non se tiveran producido de non existir tal promesa de dádiva, e menos tendo en conta que non hai os datos precisos para cualificar a legalidade de ditas concesións como quedou reflectido anteriormente. Pola contra, á vista do relato disponible, si se evidencia a influencia das promesas de dádiva na motivación dos rexedores. Estes eran coñecedores da existencia das mesmas e non mostraron reticencias á súa entrega no momento onde se lles comunicou as intencións dos empresarios, tendo a oportunidade de realizarlo como demostra a actitude da líder do executivo do municipio de Málaga advertindo da ilegalidade do solicitado e negándose a participar na trama.

En resumo, enténdese demostrada a relación de conexión causal entre o ofrecemento de dádiva, recompensa ou retribución e as autorizacións e contratos realizados nas localidades mencionadas, elemento imprescindible do delito de suborno.

Respecto aos doadores, estes incorren tamén nun delito de suborno. No seu caso, a súa conduta recóllese no artigo 424 CP. Trátase duns particulares, os empresarios Braulio e Francisco, que ofrecen unha dádiva ou recompensa a autoridades públicas para que realicen un acto en consonancia dos seus deberes inherentes ao cargo. A maior parte dos elementos do tipo xa foron comentados. Cómpre só realizar unhas breves puntualizacións:

- É un delito común. Non require unha categoría especial para ser suxeito activo, ao contrario que o tipo do artigo 420 CP. No precepto faise referencia a “un particular”, sen establecer ningunha condición que debe reunir o suxeito.
- De novo é un delito que require dolo. A súa percepción non se discute. Braulio e Francisco coñecen o perigo para o ordenamento xurídico das súas intencións e mesmo perseguen a vulneración do ben xurídico protexido.
- É irrelevante que finalmente desembolsaran a dádiva prometida. O mero ofrecemento é causa de castigo penal, con independencia da súa consumación.
- Non se valora a legalidade do acto da autoridade pública. O elemento nuclear que configura este tipo é o ofrecemento de dádiva.

Coma no suposto do artigo 420 CP, a xurisprudencia esixe a relación causal entre a promesa de dádiva e as resolucións administrativas. Xa se probou anteriormente esta circunstancia para os alcaldes e a mesma hipótese é válida para os empresarios Braulio e

---

<sup>18</sup> STS 692/2008, de 4 de novembro (RJ 2008/5483)

Francisco. Con todo, convértese fulcal probar a conexión causal entre as resolucións administrativas e as doazóns realizadas directamente ao partido político ASC se se pretende imputar a este a participación no delito de suborno. E elo debido a que como indica a xurisprudencia, por si mesma, como acto illado e independente, “*a recepción de doazóns para un partido político [en caso daquelas permitidas pola lexislación] non constitúe delito*”<sup>19</sup>. Aquelas contribucións que contraveñen a lexislación sobre financiamento de partidos políticos e constitúen un delito xa foron comentadas no primeiro punto do presente traballo. Resumindo, só as doazóns realizadas por Braulio fan parte dunha actuación ilícita dende o único punto de vista do artigo 304 bis CP. Con esta mesma perspectiva non hai discusión xurídica sobre a legalidade das aportacións efectuadas por Francisco en xullo e outubro de 2016, posto que en ningún momento se produce un quebranto dos límites e criterios establecidos no Código Penal e na Lei Orgánica de Financiamento de Partidos Políticos.

Pola contra, probando a relación causal entre estas doazóns e as autorizacións e contratos, de xeito que aquelas se configuran como unha dádiva ou recompensa en contraprestación polas concesións outorgadas, permite imputar ao partido político ASC como partícipe da operación.

Nos feitos relatados pódese dar por probada dita conexión de causa e consecuencia. Na primeira conversa mantida entre Braulio e Francisco e os responsables do partido políticos, aqueles evidencian a súa intención de “*axudar ao partido*”, como xa se fixo referencia en puntos anteriores. Non se esclarece en que extremo se concreta a expresión dos empresarios, se exclusivamente en achegas aos cargos políticos de ASC e os alcaldes ou tamén incluía doazóns para sufragar os gastos da organización. Por outro lado, non se indica se as doazóns serían realizadas igualmente no caso de non acceder os alcaldes á súa oferta ou incluso no suposto de non ter existido ese ofrecemento. Sen embargo, esta circunstancia non se pode sostener coa contundencia que se require para desbotar a conexión causal entre esta e as resolucións administrativas. Un argumento que podería negar a vinculación sería que se tiveran producido outra serie de contribucións económicas por parte das mesmas persoas ao partido político ASC en momentos temporais diferentes, afastados da resposta afirmativa ás súas pretensións. Non hai constancia de que Braulio e Francisco realizaran doazóns ao partido anteriormente a ver cumplidas as súas peticións nin que estas se repitan posteriormente. As únicas que existen son as citadas de xullo a novembro de 2016 tras recibir as autorizacións no primeiro semestre do mesmo ano. Todas estes indicios conducen á evidencia de que estas doazóns, incluso sendo legais algunha delas, entran no marco delituoso do suborno en forma de dádiva ou recompensa en agradecemento dos trámites administrativos avanzados no seu favor.

A existencia desta conexión permite imputar ao propio partido político un delito de suborno en virtude do artigo 427 bis CP. Como se sinalou no primeiro apartado, o partido como persoa xurídica independente dos seus integrantes e dirixentes, é responsable polos ilícitos cometidos no seu nome ou pola súa conta e no seu proveito (art. 31.1a) bis CP). No presente suborno o principal axente beneficiado coas dádivas é o propio partido político e as entidades vinculadas como a fundación “Cambio Social”, aumentando o seu patrimonio en 697.000 euros e unha nova sé nacional valorada en 500.000 euros grazas ás contribucións de Braulio e Francisco, produto exclusivamente das autorizacións concedidas.

---

<sup>19</sup> Auto de 19 de setembro de 2005 do Tribunal Supremo (Sala do Penal), FXº2 (JUR 2006\104209)

No que respecta aos cargos de ASC, Manuel Mejía e Juan Ignacio, a xurisprudencia e a doutrina manteñen posturas diverxentes. Por un lado, a tese que os sitúa como intermediarios dun delito de suborno pasivo do artigo 420 CP entre os doadores e as autoridades públicas. Por outro, a tese que defende a súa intervención como autores dun delito de suborno activo do precepto 424 ou o tráfico de influencias do 430 do mesmo texto legal, ao seren eles os interlocutores únicos cos alcaldes e quen lles transmite a promesa da dádiva<sup>20</sup>. Neste traballo deféndese a segunda postura para o caso concreto. Estes son os elementos do tipo:

- É un delito común, cuxo suxeito activo non require de categorías especiais.

Os cargos dirixentes dos partidos políticos non son equiparables penalmente á figura de funcionarios. A pesar do amplio debate da natureza dos partidos políticos e a súa función constitucional, segue rexendo a afirmación xurisprudencial enunciada polo Tribunal Constitucional na STC 19/1983, de 21 de febreiro: “*Os partidos políticos son asociacións libres, non son órganos do Estado, polo que o poder que exercen se lexitima só en virtude da libre aceptación dos estatutos e, en consecuencia, só poden exercerse sobre quen, en virtude dunha opción persoal libre, fan parte do partido*”. Segundo esta tese xurisprudencial, os cargos dos partidos políticos (coloquialmente denominados “funcionarios de partido”), como representantes ou traballadores dunha asociación privada, non ostentan a consideración penal de autoridade ou funcionario público e, polo tanto, non poden ser autores de suborno pasivo.

- Ofrécese a realizar as condutas dos tipos anteriores.

Neste caso, ofrécese a influír sobre autoridades públicas valéndose de calquera situación derivada da súa relación persoal con estes para conseguir unha resolución que lle poida xerar directa ou indirectamente un beneficio económico para si ou para un terceiro. A relación persoal da que se valen os dirixentes é asimilable á relación de xerarquía dentro do partido político, na que Manuel Mejía e Juan Ignacio teñen a capacidade de mando na organización. Esta influencia e forza é explicitada no momento en que Juan Ignacio, ás cautelas amosadas pola alcadesa de Málaga Paula a respecto da ilicitude do solicitado, lembra a súa potestade para impedir que continúe no cargo público baixo as siglas do partido político. O que realiza Juan Ignacio é unha ameaza, o máximo nivel de ejercicio de influencia, para forzar aos alcaldes ditar resolucións favorables aos empresarios doadores, baixo risco de non permitir acudir como candidatos a revalidar os seus cargos nas seguintes convocatorias electorais co soporte do partido político.

Sobre a xeración dun beneficio económico para si ou para un terceiro, xa quedou demostrado anteriormente a súa concorrencia. Segundo o prometido polos doadores, Juan Ignacio e Manuel Mejía obterían unha “*prima de risco*” en retribución dos servizos prestados para obter as resolucións administrativas. Ademais, como dirixentes do partido político, tamén é de destacar o proveito para este en forma das doazóns xa comentadas.

---

<sup>20</sup> Para unha maior información sobre a argumentación de cada postura, ver MAROTO CALATAYUD, MANUEL, *La financiación ilegal de partidos políticos. Un análisis político-criminal*, p. 212-223

Pola súa parte, a tesoureira Carmen non pode ser considerada como autora dun delito de tráfico de influencias. En primeiro lugar, non consta que ela reciba dádivas para o seu proveito. Na conversa de Juan Ignacio cos alcaldes, aquel comenta as recompensas para o xefe (presumiblemente Manuel Mejía, o secretario xeral) e a súa persoa, pero non consta que Carmen recibira tamén promesa. Tampouco existen indicios de que ela participe no exercicio de influencias aos rexedores. Porén, si pode ser imputada en calidade de cómplice por mor do artigo 29 CP. Carmen participa en actos preparativos e anteriores á comisión do tráfico de influencias, estando presente en reunións cos empresarios Braulio e Francisco nas cales son pactadas as dádivas. A súa actuación non é imprescindible para que se complete o elemento típico do delito pero si é en todo momento coñecedora da situación e non realiza ademán de evitalo.

Para rematar con este delito, vista a unidade de feito que lesiona dous bens xurídicos distintos, débese entender a relación entre ambos como un concurso ideal de delitos de suborno con financiamento ilegal de partido políticos no caso dos empresarios Braulio e Francisco e de tráfico e influencias e financiamento ilegal no suposto de Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen, respectando os seus niveis de autoría conforme ao exposto nas páxinas precedentes. Os alcaldes de ASC só son responsables do delito de suborno pasivo.

## B.Conta bancaria domiciliada en Uruguai

Neste apartado analizarase a cualificación penal que merece a existencia dunha conta bancaria radicada nun estado estranxeiro como Uruguai e controlada indirectamente pola tesoureira de ASC Carmen a través de varios testaferros. Segundo consta nos antecedentes, en ningún momento o Tribunal de Contas recibe comunicación da apertura da mesma nin das achegas que se realizan ao seu favor, as cales son:

- A doazón de Braulio o 8 de novembro de 2015 por valor de 632.000 euros por medio de sociedades domiciliadas en Panamá.
- A doazón de Hannah Haider o 2 de novembro de 2015 por valor de 412.000 euros pertencentes a fondos reservados do Goberno Rexional do Estado Alemán de Baviera e dende unha conta domiciliada en Suíza.
- A doazón de Jonah Penz o 27 de novembro de 2015 por valor de 43.000 euros dende unha conta domiciliada en Bahamas.

Posteriormente, no rexistro pola Garda Civil á sede nacional do partido ASC tras a denuncia realizada pola alcaldesa de Málaga, Paula, atópase documentación relativa a esta conta non oficial. É a única vez que é citada a súa existencia alén do comentado anteriormente.

En primeiro lugar, entra en xogo o delito de falsidade contable recollido no artigo 310 CP. Sobre este tipo cabe pararse en varios puntos:

- Obrigatoriedade de levar contabilidade.

Ese delito é de categoría especial, non podendo ser calquera persoa suxeito activo senón únicamente aquela sobre quen recaia obrigatoriedade legal de levar contabilidade mercantil, libros ou rexistros fiscais. Dentro desta categoría inclúense aos partidos políticos.

Pola previsión do artigo 14 LOFPP, as organizacións políticas deben “*levar libros de contabilidade detallados que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira e patrimonial e o cumprimento das obrigas na presente lei*” e presentala anualmente ao Tribunal de Contas para que proceda á súa fiscalización. Especificamente, ese deber recae sobre o responsable da xestión económica-financeira (art 14 bis LOFPP), figura que, como xa se previu no primeiro apartado da presente cuestión, interprétese que recae na persoa que ocupa a tesourería do partido ASC, Carmen.

- Prevalencia do artigo 305 CP.

A xurisprudencia ten remarcado en varias ocasións que o delito de falsidade contable non é aplicable cando se produce a conduta do artigo 305 de delito contra a Facenda Pública, o cal subsume o primeiro dentro do seu marco xurídico de evasión do pago de tributos (véxanse STS 1115/09 e STS 1211/02). Porén, neste caso mantense a dúbida sobre a aplicación este precepto, xa que as rendas non declaradas provenientes de doazóns de particulares atópanse exentas de tributación fiscal por mor da LOFPP (art. 10) e, polo tanto, podería non haber lugar á apreciar o delito de evasión fiscal pola non presentación de ingresos libres de pago de impostos. Así se reflectiu, por exemplo, no “Caso Bárcenas”, como recolle a profesora Luz María Puente Alba:

Efectivamente, segundo o art. 10 LOFPP, <>os partidos políticos gozarán de exención no Imposto sobre Sociedades polas rendas obtidas para o financiamento das actividades que constitúen o seu obxecto ou finalidade específica>>, e entre elas inclúense as doazóns de carácter privado. Eto motivou que a Axencia Tributaria estimara que as rendas ilicitamente obtidas polo partido estaba exentas da obliga de tributar, e por elo resultaba inviable a verificación dun delito fiscal, posto que de ter sido obtidas de forma lícita estarían amparadas por tal exención legal. A pesar delo, tanto o Ministerio Fiscal como o Xulgado Central de Instrucción estimaron que tal exención só podería amparar a rendas obtidas legalmente de acordo coas previsións da propia LOFPP; o cal determinada que os fondos recibidos de forma oculta non poderían eludir o deber de tributar. Esta posición é a mantida no AJCI nº5, 28 maio 2015, que decreta a apertura do xuízo nese mesmo caso<sup>21</sup>.

En función de que interpretación se considere más acaída continuarase a acusación penal por un precepto ou outro, mais en ningún caso se podería levar seguir o procedemento con ambos, por mor do principio “*ne bis in idem*”. Este traballo decántase pola tese da Axencia Tributaria, defendendo que non se pode aplicar un delito de evasión fiscal pola non declaración ante a Facenda Pública de rendas exentas legalmente de tributación, independentemente de ser esas rendas obtidas de forma lícita ou ilícita. En consecuencia, permanécese dentro dos elementos do tipo de falsidade documental do 310 CP.

- Conduta punible

O delito recolle catro posibles condutas que fan parte do elemento obxectivo do tipo e que dan lugar á aplicación da resposta penal prevista. Porén, para relacionar ás formacións políticas con algunha delas, a doutrina e a xurisprudencia atópanse en dificultades similares que para subsumir a acción dentro do delito fiscal. Os apartados c) e d) soamente serán

---

<sup>21</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de partidos políticos*, p. 114

constitutivas de ilícitos penais cando sexan omitidas as declaracíons tributarias ou sexan presentadas como reflexo da súa falsa contabilidade. En coherencia co defendido co punto anterior, débese descartar estes dous apartados debido a estar tratando con rendas exentas de tributación que non inflúen nas declaracíons tributarias.

Pola contra, si é de aplicación o apartado b): levar “*contabilidades distintas que, referidas a unha mesma actividade e exercicio económico, oculten ou simulen a verdadeira situación da empresa*”. A actuación continuada do partido ASC e de Carmen, coa existencia da conta bancaria sita en Uruguai que recibe doazóns de orixe ilícito e que non comunica en ningún momento á autoridade competente, subsúmese á perfección no tipo descrito. Ademais, a revelación da contabilidade non oficial o día do rexistro da sede nacional da formación política pola Garda Civil confirma a presenza desta dobre contabilidade oculta e empregada presumiblemente para financiar a actividade da organización.

A responsabilidade penal tamén recae sobre o propio político ASC (art. 310 bis CP), por ser de novo subsumible nos supostos do art. 31 bis CP, coma nos casos anteriores.

Por outro lado, o delito de falsidade contable pode estar en concurso medial co de branqueo de capitais (art. 301.1 CP), como sucedeu en sentencias coñecidas pola opinión pública<sup>22</sup>. O branqueo require que os fondos que se pretenden ocultar sexan obtidos de xeito ilícito, cuestión que cumpren os deste traballo. No suposto da doazón do empresario Braulio, os fondos, xa analizados previamente proceden do delito de suborno dos arts. 420 e 424 e tráfico de influencias do art. 430 CP, configurados como unha contraprestación polos contratos e autorizacións administrativas. A doazón de Hannah Haider contravén o art. 304 bis CP sobre financiamento de partidos políticos ao proceder de fondos reservados de Gobernos estranxeiros.

A xurisprudencia sinala este elemento como a cuestión nuclear deste delito. Basta con ver a STS 225/2019 de 29 de abril:

A esencia do tipo, é polo tanto, a expresión <<coa finalidade de ocultar ou encubrir a orixe ilícita>>. Finalidade ou obxecto da conduta que debe atoparse presente en todos os comportamentos descritos polo tipo [...]. A finalidade de encubrir ou ocultar a ilícita procedencia dos bens ou axudar aos participantes do delito previo, constitúe, en consecuencia, un elemento esencial integrante de todas as condutas previstas no art. 301.1 CP. Esta conclusión xustifícase porque o branqueo pretende incorporar eses bens ao tráfico económico legal e a mera adquisición, utilización, conversión ou transmisión constitúe un acto neutro que non afecta por si mesmo ao ben xurídico protexido.

Esta cita xurisprudencial desvela outro requisito imprescindible para a apreciación desta figura: a pretensión de incorporar os bens de orixe ilícita ao tráfico legal. No caso que nos atén o feito de que a conta bancaria estea controlada, aínda de xeito indirecto, pola tesoureira do partido Carmen, e que na sede oficial haxa constancia de que na contabilidade paralela apareza recollida dita conta, son evidencias necesarias para poder confirmar a persecución de tal obxectivo: a introdución dos cartos recibidos por vías ilícitas no tráfico

---

<sup>22</sup> “Caso Bárcenas”, Sentenza AN 20/2018 17 maio 2018 (JUR 2018\146168)

económico legal para contribuír a sufragar os gastos que a actividade ordinaria do partido ASC xera.

Por outro lado, non se pode reputar como casual que todas as achegas penalmente ilícitas segundo o artigo 304 bis CP sexan depositadas na conta uruguai. Esta circunstancia sinala un modo de proceder de financiamento do partido político por vías ilegais con obxecto de eludir a fiscalización destas operacións polas autoridades competentes e a súa inclusión en territorio español de xeito irregular, perseguindo a súa utilización sen transparencia nin prácticas que revelen a verdadeira natureza das operacións. Tampouco se pode esquecer a elección de Uruguai como estado onde domiciliar a conta bancaria, país que en 2016 entraba dentro das listas da OCDE e a UE de paraísos fiscais por obstruir o intercambio de información entre xurisdicións e garantir o segredo bancario dos clientes das entidades de crédito<sup>23</sup>.

Outro elemento subxectivo do tipo é a necesidade de dolo: o coñecemento da orixe dos fondos. Neste caso non hai dúbidas da apreciación do mesmo. Como xa se demostrou nas explicacións dos delitos de financiamento ilegal e de suborno, Carmen é en todo momento consciente das operacións e mesmo participa na súa preparación e consumación, incluso a título de autora.

#### C.Doazón electoral

Alén das doazóns xa descritas, o empresario Francisco realiza unha nova o 11 de setembro de 2017 con obxecto de cooperar no financiamento da campaña electoral. A contía da doazón ascende a 25.000 euros. Como xa se explicou no apartado A, a doazón supera o límite establecido para as achegas electorais no art. 129 LOREG (10.000 euros). Porén, esta forma de financiamento non está recollida no art. 304 bis CP como conduta ilícita. Por outra banda, malia ser efectuada polo empresario Francisco, protagonista de doazóns anteriores para obter unha serie de resolucións administrativas, non é motivo para incluir a presente contribución dentro da actividade típica do suborno descrita nos puntos anteriores. Elo debido á ampla distancia temporal entre as resolucións administrativas e as primeiras doazóns, con data de xaneiro a setembro de 2016, e a transferencia presente, con data do 11 de setembro de 2017, sen que por medio se evidencie a continuidade das relacións entre ASC, os seus dirixentes e Francisco, xa sexa por novas doazóns ou resolucións administrativas. A escasa conexión, entón, entre as anteriores operacións e a actual permiten descartar que a segunda estea condicionada ou causada pola obtención dos beneficios para Francisco e, en consecuencia, a súa subsunción dentro do marco delituoso do suborno. Polo tanto, pódese descartar castigo penal, autónomo ou dependente, para esta doazón.

En cambio, o que si é constitutivo de delito é a modificación realizada na contabilidade electoral da doazón. Segundo consta nos antecedentes dos feitos, a doazón é apuntada nos libros oficiais cunha contía de 9.320 euros, por debaixo do límite de 10.000

---

<sup>23</sup> OCDE, “Transparencia fiscal 2016. Informe de progreso”, Foro global sobre a transparencia e o intercambio de información con fins fiscais, disponible en <https://www.oecd.org/tax/transparency/informe-de-progreso-foro-global-2016.pdf> Consultado 10-05-2019

euros. Coa finalidade de evitar unha probable sanción administrativa por superar o máximo legal recórrese ao delito de falsidade da contabilidade electoral (art. 149 LOREG)<sup>24</sup>.

A conduta deste delito consiste no falseamento das contas electorais, as cales deben ser remitidas a Tribunal de Contas para o seu control e fiscalización, mediante a omisión ou a modificación de partidas de ingresos ou gastos, á alza ou á baixa, de xeito que perturben a visualización do estado fiel do patrimonio e as actividades económicas desenvolvidas polos partidos políticos durante as campañas electorais. Para a súa interpretación empréganse os criterios dos delitos de falsidades documentais do art. 290 CP e seguintes<sup>25</sup>.

O ben xurídico protexido é o mesmo que en todo delito de falsidade documental: a funcionalidade do documento no tráfico xurídico, pero adaptado á realidade específica que se afronta: a garantía da transparencia do sistema electoral, “*concretamente no aspecto referido ao financiamento económico dos partidos que concorren a unhas eleccións, o cal obviamente redundará na limpeza da contenda electoral*”<sup>26</sup>.

A xurisprudencia tense manifestado claramente sobre os requisitos para apreciar este delito: a necesidade de que a falsidade se realice nas contabilidade das campañas electorais e a consideración do responsable no administrador electoral:

De dita doutrina do Alto Tribunal, dedúcese que para o financiamento ilícito dun partido político poida ser constitutivo deste específico delito electoral, haberase de realizar necesariamente, en campaña electoral, e ademais o suxeito activo do mesmo debe reunir a cualidade ou condición de administrador xeneral e das candidaturas dos partidos, xa que toda candidatura debe ter un administrador electoral, responsable dos seus ingresos, gastos e da contabilidade do partido que acode a unha elección, sendo o responsable do axuste á legalidade das contas e finanzas do partido que concorre a uns concretos comicios electorais [...], polo que o delito ten a natureza, segundo a doutrina, de delito especial propio, é dicir, que o comete quen ostente dita cualidade<sup>27</sup>.

Sobre a consideración de doazón como electoral, non existen dúbidas de que así sexa. Os comicios son celebrados o 24 de setembro de 2017. Segundo establece a LOREG, en todo o período que concorre entre o día da convocatoria das eleccións e proclamación dos candidatos electos, todos os gastos que non respondan a actividades ordinarias dos partidos políticos deben ser considerados como gastos electorais (art. 130). Por analogía, todos os ingresos coa mesma natureza deben ser reputados da mesma maneira. A data da convocatoria é, para os procesos de disolución das Cortes repetición de eleccións por imposibilidade de designar un presidente do Goberno, 47 días antes da celebración das eleccións (Disp. Adic. 7º.1 LOREG). No suposto analizado, esta data é o 7 de agosto. Despexada esta incógnita, confírmase a natureza da doazón realizada por Francisco, do 11 de setembro de 2017, como electoral, polo que debe constar na contabilidade dos comicios convocados pola súa contía real.

<sup>24</sup> Cuestión semellante ao que sucedeu no caso FILESA: STS 1/1997, de 28 de outubro (RJ 1997\7843)

<sup>25</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *Art. 149 de la Ley 5/1985, de 19 de junio, de Régimen Electoral General*, Ecrim Publicacíons 2012, p. 6, consultado en <http://www.ecrim.es/publications/2012/FinanciacionIllegal.pdf> o día 10-05-2019

<sup>26</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *Art.149 de la Ley 5/1985, de 19 de junio, de Régimen Electoral General*, p. 1

<sup>27</sup> Auto TSXCV 26/2010, de 15 de febreiro (ARP 2010\697)

Máis dúbidas xorden co suxeito activo do delito. O art. 149 LOREG sitúao no administrador electoral, quen é o encargado de levar a contabilidade da actividade electoral e remitila ao Tribunal de Contas. A súa designación aparece regulada na mesma lei. Nos antecedentes non se indica quen é designada nesta función, senón que só se inclúe unha referencia abstracta á “*tesourería do partido*” como departamento responsable da contabilidade electoral, sen concretar os nomes e apelidos da persoa administradora.

Igualmente, e ao contrario do realizado en anteriores ocasións, non cabe a asunción da tesoureira Carmen como a administradora electoral. Para realizar esta función non pode ser nomeada unha persoa que se presente como candidata ás mesmas eleccións (art. 123.3 LOREG). Segundo aparece descrito nos feitos, tras a celebración da votación, Carmen resulta elixida como Deputada no Congreso xunto cos compañeiros de partido Manuel Mejía e Juan Ignacio, entre outros, e presta a súa promesa de acatamento da Constitución en condición de tal. Explicitase a concorrencia de Carmen como candidata nas eleccións, circunstancia que a descarta como administradora e, en consecuencia, como autora do delito de falsidade da contabilidade electoral.

Polo tanto, non resulta viable, cos datos que se ostentan, delimitar o suxeito activo coma no resto de figuras delituosas. A responsabilidade recae na persoa designada como administradora electoral para os comicios celebrados o 24 de setembro de 2017, sen poder realizar unha maior concreción.

Este delito conta cun tipo atenuado que se deixa á apreciación dos Tribunais en función da gravidade do ilícito e as súas circunstancias. Non se indica máis concreción do significado dessa expresión nin se conta na doutrina cunha definición compartida sobre a mesma:

Configúrase polo tanto este tipo privilexiado de forma facultativa e valorativa para o xulgador, que será quen deba determinar se a falsidade nas contas electorais reviste escasa gravidade. O lexislador non aporta pautas más clarificadoras, de tal modo que podería atenderse a circunstancias tales como, por exemplo, a escasa contía da cantidade falseada<sup>28</sup>.

A tese defendida neste traballo é que non hai lugar á aplicación deste tipo atenuado. É certo que a contía falseada non é de grande relevancia cuantitativa. A omisión é de 15.610 euros, cando os orzamentos electorais medios dos partidos políticos con opcións de ser a segunda organización política en número de escanos nas Cortes Xerais do estado superan os 4 millóns de euros<sup>29</sup>. Trátase dunha omisión irrelevante nestes termos, inferior ao 1% do orzamento total presumible. Con todo, o elemento central desta modificación da contabilidade electoral non se atopa na cuestión cuantitativa senón na cualitativa: a finalidade de omitir unha infracción á LOREG, isto é, o límite das doazóns de 10.000 euros por persoa. Infracción que leva aparellada unha sanción pecuniaria regulada na mesma normativa (art. 153). Polo tanto, o intento de manipulación da contabilidade electoral con obxecto de evitar o

<sup>28</sup>PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *Art. 149 de la Ley 5/1985, de 19 de junio, de Régimen Electoral General*, Ecrim Publicacíons 2012, consultado en <http://www.ecrim.es/publications/2012/FinanciacionIlegal.pdf> o día 10-05-2019, p. 11

<sup>29</sup> <https://www.diariocritico.com/elecciones/gasto-campana-electoral-austeridad-elecciones-generales-26-junio>  
Consultado 11-05-2019

castigo administrativo non merece a aplicación dun tipo penal atenuado. No caso afirmativo non se estaría a apreciar a conduta ilícita coa endereza que require.

#### **4.- CUESTIÓN 2: INDIQUE O CAUCE PROCESUAL POLO QUE SE SUBSTANCIARÍAN OS DELITOS, XURISDICIÓN E COMPETENCIA.**

##### **I.- XURISDICIÓN E COMPETENCIA**

A determinación do órgano competentes para a instrución e axuizamento dos delitos plantexa unha polémica con bastante discusión na doutrina penal e elo provocado principalmente pola existencia de persoas responsables de figuras ilícitas que gozan de aforamento especial segundo a lexislación en vigor. Son os supostos concretos dos dirixentes do partido político ASC Manuel Mejía, Ignacio e Carmen, que ostentan sendas actas de parlamentarios no Congreso dos Deputados do estado español, sendo o primeiro ademais o Presidente do Goberno en vigor. Por esta circunstancia, todas as causas que se dirixan contra estas tres persoas deben ser coñecidas pola Sala do Penal do Tribunal Supremo (arts.71.3 e 102.1 CE e 57.2º da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial). Esta prerrogativa, cuxa lexitimidade emana da Constitución Española (art. 71.3), descansa na necesidade de garantir a persoas que ocupan un cargo no eido público, político ou administrativo a autonomía necesaria para poder realizar o seu labor dentro da institución na que estean adscritos. En verbas da profesora Martínez Alarcón, o aforamento:

pretende preservar a autonomía no exercicio das súas funcións e o libre desenvolvemento das súas atribucións, e, en última instancia, que a institución á que aparecen adscritos poida desempeñar as tarefas que lle son propias. Este particular estatuto xurídico concretase, entre outras ousas, na previsión de certas especialidades (prerrogativas no que fai á esixencia da súa responsabilidade xurídica que supoñen unha excepción na aplicación de igualdade perante a lei pero que se xustifican porque, con elas, en principio, preténdese garantir o funcionamento regular das institucións do Estado)<sup>30</sup>.

A cuestión relevante aquí non é a figura do aforamento en si senón o que implica na realidade que se está a analizar, onde o escenario debulla unha pluralidade delituosa e responsabilidades múltiples e compartidas, no que únicamente as persoas referidas contan coa prerrogativa do aforamento mentres que, pola contra, o resto de imputadas deben ser xulgadas polos xulgados e tribunais ordinarios (Xulgado do Penal, Audiencia Provincial, etc). A pregunta realmente procedente é entón se existe a posibilidade de separar as causas, abrindo un procedemento penal pola Sala do Penal do Tribunal Supremo únicamente para os deputados Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen e outro procedemento polos órganos xudiciais ordinarios para os delitos cometidos polo resto de persoas procesuadas; ou ben se, en cambio, debe ser manter a unidade dos feitos baixo un mesmo procedemento tanto na

<sup>30</sup>MARTÍNEZ ALARCÓN, MARÍA LUZ, *El aforamiento de los cargos públicos. Derecho español y derecho comparado*, Dialnet, 2014, p.1, disponible en <http://revistas.uned.es/index.php/TRC/article/view/14926>, consultado o 13-05-2019

instrución coma no axuizamento, que artelle unha resposta penal para todas as persoas investigadas. En caso de decantarse pola segunda opción, habería que esclarecer o órgano responsable de levar a peza única, o Tribunal Supremo ou o ordinario.

Éntrase deste modo nun debate sobre a o principio de conexidade dos feitos e a súa implicación respecto aos suxeitos activos das figuras delituosas. En efecto, o art. 17 do Real Decreto de 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de Axuizamento Criminal (en diante, LACrim), estipula a apertura dun proceso penal para cada delito atribuído a unha persoa, con carácter xeral. Porén, como cuestión excepcional establecése a posibilidade de investigar e axuizar na mesma causa distintos feitos cando se revele “*conveniente para o seu esclarecemento e para a determinación das responsabilidades procedentes agás supor excesiva complejidade ou dilación para o proceso*” (art. 17.1 *in fine* LACrim). O elemento central é a existencia de elementos de conexión entre os delitos e as persoas responsables que xustifiquen a necesidade dunha investigación conxunta baixo a finalidade de obter unha resolución dos feitos de calidade superior. O profesor Gimeno Sendra resume o principio de conexidade na “*existencia de dous ou más delitos e resólvese, desde o punto de vista procesual, no axuizamento conxunto de todas as conductas punible nun só proceso, como consecuencia da existencia de certos nexos ou elementos comúns referidos, xa sexa aos inculpados, xa sexa aos feitos delituosos*”<sup>31</sup>

A fin deste principio vén condensado por Lidia Moreno Gómez:

A finalidade desta figura vén perfectamente resumida no Auto da Sala do Penal do Tribunal Supremo, de 21 de maio de 2012, que reproduce o disposto nun Auto anterior da mesma Sala de 29 de xuño de 2006, ao considerar que é o criterio de continencia da causa (art. 300 LACrim) o que aconsella <<a unidade na investigación e, no seu caso, o axuizamento porque permite asegurar a realización da xustiza, evitando pronunciamentos contradictorios e facilita a instrucción e o axuizamento de aquelas causas de natureza complexa ou nas que ao aforado se imputa unha participación na realización do feito delituoso>>, sendo aconsellable nestes supostos <<unha instrucción e, no seu caso, axuizamento, conxunto para alcanzar a verdadeira entidade fáctica que se investiga ou axuíza>>. En definitiva, estamos diante dun mecanismo tendente a evitar sentenzas contradictorias, favorecer o cumplimento do principio de economía procesual, así como sortear a indefensión derivada de posibles vulneracións posteriores da causa xulgada<sup>32</sup>.

No caso do presente traballo, a realidade dos feitos aconsella a aplicación do principio de conexidade e, como consecuencia, a investigación e axuizamento unitario de case a totalidade das infraccións penais desveladas. A relación de interdependencia entre as diferentes conductas conleva a escolla deste modelo único de procesamiento. Non é defendible a separación das causas, en atención as principios de unidade de feitos, economía procesual e a coherencia nas resolucións xudiciais. De proceder con esa opción, presumiblemente as

---

<sup>31</sup> GIMENO SENDRA, JOSÉ VICENTE, *Derecho Procesal Penal*, Ed. Thomson Reuters. Pamplona, 2012. p. 198.

<sup>32</sup> MOLINA GÓMEZ, LIDIA, *Aforamiento y doble instancia penal de los pactos internacionales de Derechos Humanos a la interpretación de nuestros tribunales*, Universidad de Alicante, Traballo Fin de Máster de Avogacía, 2013, p. 19, disponible en

[https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/35356/1/TFM\\_Lidia-Molina-Gomez.pdf](https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/35356/1/TFM_Lidia-Molina-Gomez.pdf) consultado 11-05-2019

pezas de investigación quedarían inconclusas, sen poder axuizar coas competencias que se requiren para un correcto acoutamento dos feitos delituosos.

Efectivamente, resultaría dunha dificultade extrema, por explicar cun exemplo práctico, a separación en pezas diferentes das doazóns realizadas polos empresarios Braulio e Francisco ao partido político ASC e as primas de risco prometidas aos dirixentes Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen e os alcaldes afiliados á organización a cambio da concesión de autorizacións e contratos para as súas compañías e as respectivas filiais. Estes acontecementos, que engloban os delitos de financiamento ilegal de partidos políticos (art. 304 bis CP), suborno activo (art. 424 CP), suborno pasivo (art. 420 CP) e tráfico de influencias (art. 430 CP) deben ser investigados de maneira conxunta. Doutro modo, non sería posible analizar coa suficiente profundidade as relacións e causalidades entre as actuacións de cada persoa implicada e as datas nas que son realizadas. Así, non é posible illar a responsabilidade de Braulio e Francisco no suborno activo sen incluír a actuación dos dirixentes e deputados Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen como intermediarios entre aqueles e os rexedores locais, así como para facilitar os cauces necesarios para realizar as doazóns á formación política. A achega que realiza Braulio á conta bancaria sita en Uruguai por valor de 632.000 euros, por exemplo, é unha consecuencia do suborno activo que exerce sobre os dirixentes e alcaldes de ASC, á vez que é constitutiva dun delito de financiamento ilegal de partidos políticos. O mesmo sucede co resto dos acontecementos desta macrooperación: as interconexións existentes entre os distintos extremos da mesma desaconsella con creces a investigación por separado a través da apertura de distintas causas penais.

A mesma argumentación é válida para as doazóns realizadas por Hannah Haider. A unidade dos feitos, a economía procesual e a necesidade de evitar fallos incompatibles empuzan a unir os procedementos contra a doadora e os dirixentes de ASC polo delito de financiamento ilegais nunha instrución e xuízo. Podería defenderse, con todo, a separación desta peza coa anterior, xa que se tratan elementos obxectivos distintos. No primeiro perséguense o financiamento ilegal por superar o límite agravado de 500.000 euros mentres que no segundo a causa é a orixe goberamental estranxeira dos fondos. Porén, continúase dentro da mesma figura delituosa e, ademais, están conectadas polos delitos continuadas de branqueo de capitais (art. 301 CP) e falsidade contable (310 CP). Ambas achegas son realizadas á conta bancaria radicada en Uruguai e non declarada ante o Tribunal de Contas nin existe referencia da súa existencia na contabilidade oficial da organización.

Deste xeito, en consonancia coa exposición de motivos realizada, este traballo defende a tese da unidade da peza procesual de todos os feitos relatados en respecto ao principio de conexidade. Soamente merecería unha investigación diferenciada o delito de falsidade da contabilidade electoral (art. 149 LOREG), que se explicará máis adiante.

A incógnita a despexar agora é o órgano xudicial competente para axuizar a peza única. Segundo o art. 272 LACrim, a preferencia é para o Tribunal que debe coñecer unha causa a partir dunha atribución legal de carácter especial, isto é, o Tribunal Supremo. Así o interpreta a tese doutrinal máis estendida: “*Noutras palabras, vén dicir [o art. 272 LACrim] que naqueles casos de conexión nos que algún dos querelados estivese sometido, excepcionalmente, a un Tribunal distinto do que debera coñecer a causa segundo a regra xeral de atribución de competencia obxectiva, a conexidade gozará de preferencia e*

*impedirá o axuizamento separado das condutas ou suxeitos en cuestión, determinando a competencia a favor do Tribunal ao que corresponda por razón do aforamento”<sup>33</sup>*

No mesmo sentido manifestouse a xurisprudencia ao respecto:

Este plantexamento é recollido pola Sala Segunda do Tribunal Supremo, en Auto de data 6 de outubro de 1994 e, por remisión íntegra ao mesmo, o Auto de data 22 de decembro de 1994, ao apreciar que <<cando, de acordo coas regras que respecto da conexión establece a Lei de Axuizamento Criminal, no seu artigo 17 e concordantes, sexa absolutamente inseparable o comportamento indiciariamente delituoso do aforado e do non aforado, e obvio que esta esixencia de inescindibilidade do axuizamento haberá de primar sobre calquera outra consideración e este deberá realizarse conxuntamente polo Tribunal que haxa de coñecer do comportamento indiciariamente delituoso do aforado>><sup>34</sup>.

En continuidade coa tese doutrinal e xurisprudencial, o órgano competente é a Sala do Penal do Tribunal Supremo. A atribución especial goza de preferencia con respecto á competencia obxectiva ordinaria, tendo que ser toda a peza instruída e xulgada polo Tribunal que ostenta a competencia por disposición especial.

## II.- CAUCE PROCESUAL

Os trámites procesuais están regados na LACrim (arts. 750 a 756) e no Regulamento do Congreso (arts. 13 e 14) e, na medida que os seu contido non sexa incompatible co anterior, a Lei de Suplicatorio para Senadores e Deputados do 9 de febreiro de 1912. Sen embargo, dada a escasa regulación legal da materia, cobra especial peso a xurisprudencia emanada no Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional.

O procedemento comeza coa petición do suplicatorio ás Cortes Xerais, unha comunicación dirixida ao Presidente do Congreso dos Deputados onde se lle solicita que este órgano anule temporalmente a inmunidade parlamentar dos seus membros electos dos cales existen indicios suficientes de comisión dun delito pola súa parte e permita comezar a investigación ao Tribunal Supremo<sup>35</sup>. A aceptación do mesmo por parte do Congreso é requisito imprescindible para a continuación do procedemento. No suposto de ser rexeitado procederíase ao arquivo das actuacións e o sobreseimento da causa (art. 752 parág. 2º LACrim)<sup>36</sup>.

<sup>33</sup> MOLINA GÓMEZ, LIDIA, *Aforamiento y doble instancia penal de los pactos internacionales de Derechos Humanos a la interpretación de nuestros tribunales*, p. 20

<sup>34</sup> MOLINA GÓMEZ, LIDIA, *Aforamiento y doble instancia penal de los pactos internacionales de Derechos Humanos a la interpretación de nuestros tribunales*, p. 20

<sup>35</sup> GÓMEZ COLOMER, JOSÉ LUIS e ESPARZA LEIBAR, IÑAKI., *Tratado jurisprudencial de aforamientos procesales*, Tirant lo Blanch, Valencia,2009, p.241.

<sup>36</sup> STC 243/1988, de 19 de diciembre FX 3 (RTC 1988/243)

A doutrina describe tres requisitos inalienables para a solicitude dun suplicatorio<sup>37</sup>: ser redactado obrigatoriamente pola Sala do Penal do Tribunal Supremo, conter os feitos delituosos que se lle imputan aos deputados e ser acompañado dos documentos que fundamenten os cargos imputados, así como da denuncia, querela ou ditame do Ministerio Fiscal, segundo corresponda. A falta de calquera destes requisitos delimita a imposibilidade de efectuar formalmente a petición, que decaerá sen ser estudiadas as cuestións de fondo.

A tramitación do suplicatorio está regulada nos preceptos sinalados do Regulamento do Congreso. Basicamente, o Presidente do Congreso, tras un acordo da mesa, trasládao á Comisión do Estatuto do Deputado para proceder ao trámite de audiencia dos interesados e a instrución do procedemento. A continuación, unha vez finalizados os trámites, a potestade de aprobar ou rexeitar o suplicatorio corresponde ao Pleno do Congreso, reunido en réxime de sesión ordinaria.

Concedido o suplicatorio polo pleno do Congreso, o Tribunal Supremo pode comezar a instrución da causa segundo o procedemento regulado para a xurisdición penal na Lei de Axuizamento Criminal. Se ben, de non autorizar o suplicatorio, cabería a opción de abrir unha peza na xustiza ordinaria contra as demais persoas non aforadas. O procedemento especial remata pero áinda podería ser comezado a instrución ordinaria, tendo en conta, iso si, que as persoas deputadas Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen non poderían ser investigadas nin castigadas penalmente.

Con todo, o trámite procesual ten se cabe máis complexidades: o aforamento dos eurodeputados de ASC María, Olga e Rodrigo. Na primeira cuestión aparecen como presuntamente responsables do delito de financiamento ilegal de partidos políticos a título de cooperadores necesarios, posto que son estas tres persoas quen abren as primeiras conversas coas autoridades alemás que perseguen a realización de achegas ao patrimonio ASC. A súa xestión, xa se explicou, devén imprescindible para que se chegue a consumar o acto delituoso.

Como esta conduta é incluída dentro da peza principal, os tres eurodeputados deben ser procesuados dentro da mesma. Non obstante, e do mesmo xeito que os parlamentarios das Cortes estatais, estas tres persoas gozan tamén de inmunidade mentres ocupan un escano no Parlamento Europeo. En concreto, ostentan o mesmo grao de inmunidade que os deputados do Congreso [art. 8 do Protocolo (nº 7) sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea, OJC 236, 26.10.2012]. Polo tanto, o Tribunal Supremo debe enviar unha nova petición de suplicatorio ao Parlamento Europeo, cos mesmos requisitos que o anterior, para investigar e xulgar os tres eurodeputados.

O procedemento de estudio e aceptación do suplicatorio no ámbito comunitario presenta unha maior fortaleza lexislativa. O Regulamento Interno do Parlamento Europeo (RIPE) é bastante prolixo na materia (art. 9). É recibido polo Presidente, que o comunica ao Pleno e o remite á comisión coas competencias debidas. Esta comisión realiza as fases de instrución e trámite de audiencia e elabora unha proposta de decisión motivada sobre o fondo do suplicatorio. Con obxecto de cumplir a súa función está lexitimado para solicitar do Tribunal Supremo toda canta información considere necesaria e deberá analizar os

---

<sup>37</sup> GÓMEZ COLOMER, JOSÉ LUIS e ESPARZA LEIBAR, IÑAKI., *Tratado jurisprudencial de aforamientos procesales*, p. 243-244

documentos ou elementos de proba que lle aporten os interesados e a escoitalos no caso de que así o pretendan estes.

Cando a petición do suplicatorio veña referenciada en varias figuras delituosas, poderase responder separadamente para cada unha delas, sendo posible aceptar o levantamento da inmunidade nuns casos e o rexeitamento noutras. En ningún momento a Comisión poderá emitir un pronunciamento sobre a culpabilidade ou inocencia do deputado, cinguíndose exclusivamente sobre a admisibilidade do suplicatorio e a competencia da autoridade solicitante.

O informe da Comisión será sometido a debate e votación na sesión ordinaria do Pleno do Parlamento. A votación será separada para cada unha das propostas contidas no informe. Posteriormente, o Presidente ten a obriga de comunicar o resultado da votación ao deputado interesado e a autoridade solicitante. Recibida a aceptación da solicitude, a autoridade xudicial competente, neste caso o Tribunal Supremo, enténdese lexitimado para continuar co curso do procedemento. A única salvidade a ter en conta neste suposto é a necesidade da designación dun membro da Sala do Penal do Tribunal Supremo para exercer as funcións de instrución, o cal quedará excluído do axuizamento (art. 58.2 LOPX).

### III.- COMPETENCIA, XURISDICIÓN E CAUCE PROCESUAL DA DOAZÓN ELECTORAL.

Como xa se indicou no primeiro apartado da presente cuestión, soamente cabe abrir unha peza separada para a determinación da responsabilidade penal no caso da infracción do art.149 LOREG, isto é, o falseamento da contabilidade electoral. Existen dous motivos de peso que impiden a aplicación do principio de conexidade do art. 17.2 LACrim para incluír esta presunta conduta delitiosa na investigación principal, que agora convén lembrar malia ser explicados na cuestión inicial:

- O suxeito activo (o administrador electoral) do mesmo non é ningunha persoa xa procesuada na peza principal, descartada a tesoureira da formación política ASC, Carmen.
- A conduta non garda relación de causalidade, dependencia ou de calquera estilo co resto de actuacións descritas.

Polo tanto, non podendo aplicar o principio de conexidade, cómpre remitirse á regra xeral do art. 17.1 LACrim: cada delito dará lugar á formación dunha nova causa. En coherencia co ditaminado nos criterios de reparto de competencias, os órganos encargados da instrución e axuizamento son os Xulgados de Instrucción e os Xulgados do Penal de Madrid, cidade onde se atopa a sede nacional do partido político (arts. 15, 87.a.a) e 89 bis.2 LOPX e 13 e 33 CP). O procedemento sancionador tramitarase con orde á Lei de Axuizamento Criminal, segundo o proceso ordinario. As actuacións desta causa terán carácter preferente e tramitaranse coa urxencia máxima posible. A acción penal é pública, sen necesidade de depósito ou fianza para o seu exercicio (art. 151 LOREG). A sentenza será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Madrid e remitida á Xunta Electoral Central (art. 152 LOREG).

## **5.- CUESTIÓN 3: DETERMINE SE SE COMETEU ALGÚN ILÍCITO ADMINISTRATIVO, ASÍ COMO O PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA A SÚA SANCIÓN**

### **I.- ILÍCITOS ADMINISTRATIVOS**

A orde penal non é a única que debe entrar a regular na práctica as consecuencias xurídicas das condutas relatadas. Xunto co Código Penal coexisten outras disposicións normativas que limitan a marxe de actuación das organizacións políticas en materia de financiamento: a Lei Orgánica de Financiamento de Partidos Políticos e a Lei Orgánica do Régime Electoral Xeneral. Xa se teñen comentadas ambas no presente traballo en diversas ocasións. A súa relevancia é tal que chega a configurar a conduta típica de varios preceptos penais (véxase o art. 304 bis CP, unha lei penal en branco que se remite na súa totalidade á LOFPP). Cabe agora determinar que ilícitos administrativos son cometidos no caso que nos atén.

Deste xeito, a doazón realizada polo empresario Braulio o 8 de novembro de 2016 por valor de 632.000 euros supera o límite establecido no art. 5.1.b) LOFPP de 50.000 euros anuais por persoa, sen que conste a devolución da contía por enriba do límite como determina o art. 4.2.f) da mesma lei. Amais, o feito de ser realizada a través de sociedades supón outra infracción do régime de doazóns, xa que no noso marco lexislativo non se permiten as achegas económicas por parte de persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica (art. 5.1.c) LOFPP).

A lei tamén é clara respecto á necesidade de informar ao Tribunal de Contas e ás entidades de crédito sobre a apertura de contas bancarias destinadas a recibir ingresos en forma de doazóns (art. 4.2. b) LOFPP). Porén, esa comunicación non é realizada polos responsables do partido político ASC segundo se recolle no relato dos feitos, supoñendo unha vulneración do precepto citado.

Conforme á outra doazón realizada por Braulio o 4 de outubro de 2016, por valor de 35.000 euros na conta aberta na entidade LiveBank, S.A., a única posible infracción administrativa é a vulneración do anterior parágrafo. Sen embargo, nada se comenta de que non se comunicara ao Tribunal de Contas sobre a existencia de dita conta nin sobre a omisión da doazón na contabilidade oficial, como era o caso anterior. Esta forma de proceder empuña no presente traballo, en aras do principio "*in dubio pro reo*", que no suposto de non terse comunicado ao Tribunal de Contas dita circunstancia sería incluído nos antecedentes dos feitos, de igual modo que se apuntou na doazón da mesma persoa por valor de 632.000 euros. Por elo debemos concluír que si se levou a cabo e, en consecuencia, non hai lugar nesta operación a un ilícito administrativo.

Do mesmo xeito, poden xurdir dúbidas respecto a doazón do empresario Francisco dun edificio sito na Rúa de Bordadores, nº 17, de Madrid, valorado en 500.000 euros o día 12 de xullo de 2016. Esta operación cumpre os trámites internos necesarios para a súa aceptación (aprobación polo órgano competente e expedición do correspondente certificado; art. 4.2 e) LOFPP). Sen embargo, non se indica a comunicación da mesma ao Tribunal de Contas no prazo fixado no art. 5.2 *in fine* LOFPP. Con todo, e seguindo a mesma interpretación que no

parágrafo anterior, enténdese que si se remitiu a información de modo correcto e cumprindo o criterio legal establecido.

Avanzando no relato dos feitos, prodúcese un novo ilícito administrativo na doazón da de Hannah Haider o 2 de novembro de 2016 por unha contía de 412.000 euros con orixe en fondos reservados do Goberno de Baviera. Este ingreso, amais de vulnerar o límite cuantitativo anual xa comentado neste apartado, faino tamén co art. 7.2 LOFPP, posto que se está a aceptar financiamento por parte de Goberno, entidades ou compañías públicas estranxeiras, independentemente da vía específica pola que se concreta.

O Tribunal de Contas sinala unha nova infracción da LOFPP o 26 de xullo de 2017, ao advertir, no seu “Informe de Fiscalización dos estados contables dos partidos políticos e as aportacións recibidas polas fundacións e demais entidades vinculadas ou dependentes deles, 2014 e 2015”, que ACS non conta cun sistema de auditoría interna acaído, en contra do art. 15 da lei citada. O contido concreto da obriga non se atopa indefinido. A expresión que recolle a disposición é demasiada ambigua, deixando ampla marxe de actuación ás formacións (“*Os partidos políticos deberán prever un sistema de control interno que garanta a adecuada intervención e contabilización de todos os actos e documentos dos que se deriven derechos e obligas de contido económico, conforme aos seus estatutos*”). Nos últimos anos foi aprobado un Plan Xeral Contable Específico para as Formacións Políticas<sup>38</sup> e modificado no ano 2018<sup>39</sup>. Porén, a infracción deste precepto é unha tónica habitual dentro do conxunto das organizacións políticas do estado, o que remata baleirando de forza xurídica o seu contido como ten sinalado parte da doutrina<sup>40</sup>: “*Da escasa eficacia desta disposición dá unha idea o feito de que, segundo o Tribunal de Contas relativo ao ejercicio 2008, ningunha das 30 formacións políticas fiscalizadas presentara o informe preceptivo sobre control interno, unha situación que se reproduciu a grandes rascos no informe do Tribunal de Contas relativo aos exercicios 2009, 2010 e 2011, no que praticamente só o PSOE e UPyD presentaron algo homologable a um protocolo de actuacións para o control interno*”. Mentre tanto, o lexislador continúa sen dar unha resposta contundente para encher de contido o precepto e aumentar o seu grao de cumplimento, apostando por medidas concretas a pór en marcha polas formacións políticas para artellar os seus propios sistemas de control interno. Con todo, e malia existir posibilidades de non recibir sanción, non hai lugar a dúbidas da comisión do ilícito administrativo por parte do partido ASC ao carecer de dito procedemento.

A última infracción da LOFPP dáse coa condonación parcial da débeda que ASC mantén co Banco Hipólito, S.A. Como previamente se indicou, as condonacións, sexan totais ou parciais, están prohibidas no art. 4.3 *in fine*. Polo tanto, evidénciase de novo un ilícito administrativo.

---

<sup>38</sup> Resolución de 8 de outubro de 2013, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 26 de setembro, de aprobación do Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas, publicado no BOE núm. 252, de 21 de outubro de 2013, p. 85350 a 85508

<sup>39</sup> Resolución de 21 de decembro de 2018, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 20 de decembro de 2018, de aprobación do Plan de Contabilidade adaptado ás Formacións Políticas e á Lei Orgánica 3/2015, de 30 de marzo, publicado no BOE núm. 314, de 29 de decembro de 2018, p. 130376 a 130508

<sup>40</sup> MAROTO CALATAYUD, MANUEL, *La financiación ilegal de partidos políticos. Un análisis político-criminal*, p. 157.

Para rematar, existe outra lei que tamén é infrinxida e dá lugar a un ilícito administrativo: a doazón que o empresario Braulio efectúa o 11 de setembro de 2017 para cooperar a sufragar os gastos da campaña electoral que vai enfrentar ASC. Esta axuda, de 25.000 euros, supera o máximo legal, 10.000 euros (art. 129 LOREG). Esta vulneración, ao non ser considerada dentro das condutas delituosas, entra no marco das infraccións electorais do art. 153 LOREG, abrindo a posibilidade de ser catalogada como a comisión dun ilícito administrativo.

## II.- DUPLICIDADE COA ORDE PENAL

A configuración do delito de financiamento ilegal de partidos políticos do art. 304 bis CP como unha lei penal en branco provoca unha colisión entre esta lei e algunas infraccións administrativas comentadas no anterior punto. En efecto, a remisión do precepto citado á LOFPP para delimitar as condutas merecedoras de responsabilidade penal trae como consecuencia a duplicidade de castigos para certas actividades de financiamento. Refírese aquí ás doazóns do art. 5 LOFPP (aqueles procedentes de persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica, as anónimas, finalistas ou revogables ou as que superen a contía anual de 50.000 euros por persoa) e as do art. 7.2 da mesma norma (aqueles con orixe en gobernos e organismos, entidades ou empresas públicas estranxeiras ou de empresas relacionada directa ou indirectamente cos mesmos). Estas condutas teñen unha dobre resposta xurídica: a penal do art. 304 bis CP e a administrativa do art. 17.2.a) LOFPP.

Esta duplicidade xera disfuncións na súa aplicación práctica, provocando un conflito acerca da necesidade de penar dúas veces unha mesma conduta, atentando contra o principio de “*non bis in idem*” e abrindo unha discusión sobre a vixencia da norma administrativa. Así o manifesta, recollendo a opinión doutrinal, a profesora Puente Alba: “*En calquera caso, o certo é que a total coincidencia dos comportamentos prohibidos na normativa administrativa e na penal, froito da configuración desta última como lei penal en branco sen adición de criterios adicionais indicadores dunha maior gravidade da conduta delituosa, crea unha grande confusión e incerteza e fai xurdir o risco de que as normas administrativas deveñan baleiras de contido e carentes de aplicación*<sup>41</sup>”.

Semella albiscarse unha aparente solución da duplicidade no primeiro apartado do art. 17 LOFPP, no cal determinase a competencia do Tribunal de Contas para a imposicións de sancións derivadas de infraccións administrativas sempre que estas “*non constitúan delito*”. Esta salvidade empurra a considerar o predominio da normativa penal e, correlativamente, a inaplicación de sancións administrativas para estes casos. Nembargantes, a expresión entra en contradición co comezo do apartado, onde se estipula que a competencia administrativa exércese “*sen prexuízo das responsabilidade legais de calquera índole que se deriven do disposto no ordenamento xurídico en xeneral*”, incluíndo as responsabilidades penais. O propio precepto volve entrar na duplicidade normativa, sen anunciar unha saída clara á mesma.

Con todo, no presente traballo apóstase pola interpretación que exclúe a sanción administrativa no suposto de enunciarse castigo penal, evitando a duplicidade e respectando o

---

<sup>41</sup> PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de Partidos Políticos*, p. 128

principio de “*non bis in idem*”. Elo supón a anulación do procedemento sancionador a nivel da LOFPP para as doazóns de Braulio o 8 de novembro de 2016 e de Hannah Haider o 2 de novembro do mesmo ano. Para resto de infraccións detectadas habilitaríase o procedemento sancionador do seguinte punto, ao non estar incluídas como condutas punibles no ámbito penal.

Esta duplicidade parcial entre as normativas administrativa e penal revela a insuficiencia da configuración do delito de financiamento ilegal, deixando de forma arbitraria condutas de igual gravidade que aquelas constitutivas de ilícito penal. É o caso, por exemplo, das condonacións de débeda, que provocan un efecto semellante ás doazóns, no sentido de que unha entidade de crédito aporta unha cantidade de diñeiro baixo un compromiso de devolución que logo se anula e que supón un incremento dos fondos económicos do partido político. Tamén se podería estender ao financiamento electoral, non castigado no eido penal pero que en nada se diferencia coas formas ordinarias de captación de recursos económicos dende o marco conceptual. Fóra das condutas existente no caso que analiza o traballo, a resposta penal podería estenderse a actuacións ilícitas dende a perspectiva da LOFPP coma as doazóns de persoas con contrato vixente coa Administración Pública [art. 4.2. a)], as operacións simuladas (polas cales un particular asume gastos que corresponden con actividades desenvolvidas polo partido político; art. 4.3) ou a fraude no financiamento público, ou incluso introducir como conduta punible específica a falsidade da contabilidade do partido político. E, para evitar o conflito co procedemento administrativo, a solución idónea pasaría polo establecemento de certos baremos a partir dos cales comezaríase a actuar no marco penal (doazóns por enriba dunha determinada contía ou atendendo a rascos dos doadores ou da operación en si que se poderían catalogar como de gravidade). Deste modo lograríase unha convivencia que, se ben posiblemente non de harmonía, si de entendemento e esclarecemento dos espazos respectivos de actuación xurídica.

### III.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O procedemento de control e sanción atópase regulado nos arts. 16 a 19 LOFPP. Como xa se indicou anteriormente, o órgano competente en exclusiva para a imposición de sancións é o Tribunal de Contas, institución que ten en todo caso a obriga de fiscalizar anualmente a contabilidade dos partidos que, como ASC, reciben subvencións non condicionadas pola representación obtida no Congreso dos Deputados segundo o establecido no art. 3 da mesma normativa. Ostenta competencia tanto para as infraccións da LOFPP como para as vulneracións da normativa electoral (art. 153.3 LOREG).

O Tribunal debe iniciar o procedemento por acordo do Pleno en canto teña coñecementos dos feitos presuntamente irregulares. A vía ordinaria para chegar a coñecer os feitos é a través dos Informes de Fiscalización dos estados contables dos partidos políticos e das aportacións percibidas polas fundacións e demais entidades vinculadas ou dependentes deles, que o Tribunal ten mandatado realizar anualmente<sup>42</sup>.

---

<sup>42</sup> O máis recente é o Informe dos exercicios 2014 e 2015, publicado no BOE, núm. 101, do 26 de abril de 2018, en forma da Resolución nº 5694 do 27 de febreiro de 2018, p. 44930-45849, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación co Informe de fiscalización dos estados contables dos

A primeira fase é a apertura dun período de información previa no que se dará audiencia ao partido político implicado nos feitos indiciariamente ilícitos. Así mesmo, o partido recibirá o acordo de iniciación, expondo as irregularidades que lle imputan e as posibles sancións ás que se enfrenta, con obxecto de que aporte dentro do prazo de 15 días os documentos, informacóns ou alegacións que estime convenientes, así como para solicitar un período de proba (de 30 días de duración) e propor os métodos acaídos. O período de proba será obligatorio, alén de por petición do partido acusado, cando o instrutor así o considere. Será realizado conforme o art. 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tras ese período formúlase proposta de resolución por parte do instrutor, onde se incluirá a existencia ou non da infracción, os feitos e fundamentos de dereito que a motivan, o partido político responsable e as sancións correspondentes. A proposta debe ser notificada aos suxeitos interesados, abríndose un período de alegacións durante un novo prazo de 15 días, ao seu remate o Pleno do Tribunal Supremo recibirá o documento e procederá á súa resolución de forma motivada sobre todas as cuestións plantexadas polo instrutor e o partido interesado. Ditaminarase a caducidade do expediente se transcorren máis de 6 meses dende a recepción da proposta polo Pleno e a notificación da resolución, prazo que non contará se se producen interrupción por causas imputables aos interesados.

Contra as resoluciones do Pleno cabe recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Supremo. Contra as actuacións do instrutor, xa sexa denegando a apertura do período de proba ou a práctica dalgún medio desta, cabe recurso diante do Pleno do Tribunal de Contas no prazo de 3 días, sendo o seu silencio desestimatorio.

En todo momento o partido político está obrigado a enviar ao Tribunal de Contas todos os documentos, datos, argumentos e demás cuestións que lle sexan solicitadas para a fiscalización da súa contabilidade. O Tribunal debe gardar o sixilo necesario a respecto dos documentos, antecedentes ou informes que conteñan datos que afecten á intimidade das persoas.

No caso do traballo, ASC conta con bastantes probabilidades de sufrir a apertura dun expediente sancionador. No último Informe publicado, referente aos exercicios de 2014 e 2015<sup>43</sup>, o Pleno do Tribunal de Contas acordou o inicio do procedemento sancionador para formacións políticas que presuntamente cometeron os mesmos ilícitos administrativos:

- Pola falta dun sistema de auditoría interna no exercicio 2015, o Pleno acorda a apertura do procedemento dos partidos, coalicións ou federacións Izquierda Unida, Convergència Democrática de Catalunya, Amaiur, Coalición Euskal Herria Bildu e Federación Euskal Herria Bildu.
- Pola vulneración das limitacións legais en materia de doazóns en 2014, a Convergència Democrática de Catalunya, Izquierda Unida e Unió Democrática de Catalunya.

Asemade, o Pleno acordou a apertura do procedemento pola comisión doutras infraccións diferentes ás realizadas pola formación ASC pero igualmente contrarias á LOFPP.

---

partidos políticos e das aportacións percibidas polas fundacións e demás entidades vinculadas ou dependentes deles, exercicios 2014 e 2015.

<sup>43</sup> Ver nota 42.

O Partido Nacionalista Vasco é expedientado por realizar actividades de carácter mercantil (prohibido no art. 6.1). Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía é acusado pola asunción dos seus gastos propios por parte de terceiras persoas (operacións asimiladas, art. 4.3). Por último, Unión, Progreso y Democracia é ameazado cunha posible sanción por incumprimento do deber de colaboración (art. 19).

## **6.- CUESTIÓN 4: SINALE AS POSIBLES CONSECUENCIAS PARA O PARTIDO POLÍTICO E O PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA A IMPLEMENTACIÓN DAS MESMAS**

### I.- MARCO PENAL

Como toda persoa xurídica independente, o partido político pode ser responsable, penal e administrativamente, dos ilícitos explicados no presente caso. No que respecta á resposta penal, a última modificación da Lei 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos introduce un precepto (art. 9) no que recolle a obriga para as organizacións políticas de “*adoptar nas súas normais internas un sistema de prevención de conductas contrarias ao ordenamento xurídico e de supervisión, aos efectos previstos no artigo 31 bis do Código Penal* (que fai referencia á responsabilidade penal das persoas xurídicas)”. Trátase das primeiras organizacións que reciben un mandato imperativo para realizar un sistema destas características. En caso de non levalo a cabo, a responsabilidade do propio partido por conductas típicas non se podería obviar, xa que sería interpretado como que a formación non actuou coa debida diligencia mínima para prever ou evitar a comisión do delito. Sen embargo, existe discusión na doutrina sobre a finalidade deste precepto, intuíndo parte dela un xeito de escapar do castigo en vía penal por parte dos partidos, os verdadeiros lexisladores ao contar co poder nas Cortes Xerais a través dos seus representantes electos, e cargar toda a responsabilidade en persoas físicas que ocupen cargos medios. É a posición de Maroto Calatayud, por exemplo: “*Non resulta de todo alentador que así sexa. Máis ben ao contrario, que se dea semellante paso nun ámbito tan políticamente sensible, tan afectado por un obvio conflito de intereses para o lexislador, e tan historicamente proclive a lexislar a favor dos partidos, invita a sospeitar que quen critican que os planes de cumprimento poden converterse nunha sorte de <<seguros>> contra a responsabilidade penal poden levar razón*”<sup>44</sup>.

Esta é a interpretación pola que semella apostar o Código Penal. No artigo 31 bis CP, apartado 2, determina que a persoa xurídica (neste caso a formación ASC) pode ser eximida penalmente se o seu órgano de administración adopta e executa os modelos de organización e xestión adecuados para previr os delitos ou reducir significativamente o risco da comisión dos mesmos que lle intentan imputar posteriormente, incluíndo as medidas de vixilancia e control necesarias. Con todo, aínda que se interpretara deste modo, non afectaría na responsabilidade penal da formación política ASC, posto que en ningún momento é

---

<sup>44</sup> MAROTO CALATAYUD, MANUEL, *La financiación ilegal de partidos políticos. Un análisis político-criminal*, p. 318

mencionada a existencia de dito sistema interno de prevención. ASC debe responder entón polos ilícitos cometidos conforme aos criterios fixados no art. 31 bis CP.

Xa se indicou na primeira cuestión que o suposto a) do primeiro apartado do precepto é o que mellor encaixe ten para esixir a responsabilidade penal da formación. Durante toda o espectro temporal, Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen actúan na súa condición de dirixentes do partido político, sen que puideran ter realizado as súas funcións sen ostentar ditos cargos. É indiferente que se extralimitaran no exercicio dos seus cargos. O marco de delimitación, segundo a Fiscalía Xeral do Estado, da responsabilidade é a actuación na condición de dirixente do partido:

Así pois, para avaliar este extremo deberá primeiro evitarse o recurso exclusivo a criterios civilistas ou mercantilistas, legais, sectoriais e estatutarios, e resultará preciso permanecer particularmente alerta respecto daquelas conductas que, incluso facendo parte das competencias da representación ou o mandato, sexan alegadas, e é previsible que así ocorra, froito dunha desviación material dos fins da corporación ou abertamente contrarias ao desenvolvemento da política empresarial. En último termo, tratarase de evitar [...] que a compañía se desentenda da responsabilidade derivada dos delitos cometidos ou non evitados polo seu xestor, cando é este último quen, en condicións normais, deseña e sobre todo, leva á práctica a propia política empresarial, de modo que calquera vacua formulación corporativa contra o delito ou a máis sofisticada operación de maquillaxe articulaba, no seu caso, por medio das denominadas compliance guide, sirvan, por si sós, de eficaz recurso para eludir a responsabilidade penal<sup>45</sup>.

Por outro lado, os dirixentes actúan sempre en beneficio do partido político: en todas os ilícitos, xa sexa o suborno, o financiamento directo ou a falsidade contable, ASC ve aumentado de forma obxectiva, directa ou indirectamente, os seus activos. Cumpre cos requisitos que pensa a Fiscalía necesarios para considerar que ese beneficio se dá para a persoa xurídica: “A acción debe ser valorada como proveitosa dende unha perspectiva obxectiva e hipoteticamente razonable, con independencia de factores externos que poidan determinar que a utilidade finalmente non se produza”<sup>46</sup>.

Eles son, tamén, integrantes do máximo órgano de dirección da formación, ocupando os cargos de secretario xeral, vicesecretario e tesoureira, tendo as máximas competencias na organización e control internos. Son os autorizados en última instancia para tomar decisións en nome da formación política e teñen a autoridade para vincularla xuridicamente a obrigas, compromisos ou contratos, legais ou ilegais.

Con todo, o Código Penal circunscreve a responsabilidade penal a certo catálogo de delitos, non podendo ser procesuada unha persoa xurídica a calquera figura ilícita senón a aqueles no que aparece contemplada esta circunstancia no respectivo artigo. No presente traballo, os delitos imputados aos dirixentes de ASC Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen

<sup>45</sup> Circular 1/2011 da Fiscalía Xeral do Estado relativa á responsabilidade penal das persoas xurídicas conforme á reforma do Código Penal efectuada por Lei Orgánica número 5/2010, p. 27, disponible en [https://www.fiscal.es/fiscal/PA\\_WebApp\\_SGNTJ\\_NFIS/descarga/memoria2012\\_vol1\\_circu\\_01.pdf?idFile=7ed535ae-8bf0-4aa5-b219-618b3ac7420f](https://www.fiscal.es/fiscal/PA_WebApp_SGNTJ_NFIS/descarga/memoria2012_vol1_circu_01.pdf?idFile=7ed535ae-8bf0-4aa5-b219-618b3ac7420f) Consultada 01-06-2019

<sup>46</sup> Circular 1/2011 da Fiscalía Xeral do Estado relativa á responsabilidade penal das persoas xurídicas conforme á reforma do Código Penal efectuada por Lei Orgánica número 5/2010, p. 29

contemplan esta cláusula: financiamento ilegal de partidos políticos (art. 304 bis.5 CP), tráfico de influencias (art. 430 parág. 2º CP), branqueo de capitais (art. 302.2 CP) e falsidade contable (art. 310 bis CP). En consecuencia, a formación política ASC pode ser investigada igualmente polos mesmos ilícitos.

A maior parte dos delitos prevén penas de multa para a persoa xurídica responsable. Así ocorre nos art. 310 bis (multa de seis meses a un ano), 430 (seis meses a dous anos) e 302 (dous a cinco anos), mentres no 304 bis establecense as mesmas penas que para as persoas físicas (prisión de seis meses a catro anos e multa do triplo ao quíntuplo do seu valor o do exceso). O castigo pecuniario é o más habitual nas causas contra persoas xurídicas. A Fiscalía apostou por este castigo como preferente respecto a outros posibles, debido á condición que reúne de máis facilidade de restaurar o dano provocado coa conduta ilícita:

A única pena susceptible de ser imposta en todo caso á hora de sancionar á persoa xurídica é a de multa, que por elo será a opción prioritaria dos Sres. Fiscais nos seus escritos de acusación, a menos que a gravidade, difusión dos prexuízos e/ou especiais circunstancias da conducta da que se responsabilice á corporación, aconsellen outra cousa. A pena de multa é potencialmente a más útil para contrarrestar o desequilibrio económico derivado do beneficio e/ou aforro económicos que a corporación infractora obtén coa actividade delituosa, en boa parte dos casos<sup>47</sup>.

A xurisprudencia inclínase pola mesma interpretación que a Fiscalía. Nos procesos anteriores nos que resultou condenado un partido político, a pena imposta foi a de multa, por considerar aos mesmos como partícipes de actividade delituosa a título lucrativo (art. 122 CP), o cal mandata aos responsables a resarcir o dano realizado ata a contía da súa participación. Véxase as sentenzas conta o Partido Popular no “caso Gürtel”<sup>48</sup>, a Unió Democrática e Catalunya no “caso Pallerols”<sup>49</sup> e a Convergencia Democrática de Catalunya no “caso Palau”<sup>50</sup>.

Complementariamente á multa, todos os preceptos remiten tamén á posibilidade de establecer as penas previstas para as persoas xurídicas do art. 33.7, letras b) a g): disolución da persoa xurídica, suspensión das súas actividades por un prazo non superior a cinco anos, clausura de locais e establecementos por idéntico prazo, prohibición de realizar actividades en cuxo exercicio fora realizado o delito, inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas e intervención xudicial. Non todas semellan igual de axeitadas para ser aplicadas á ASC.

Comezando coa disolución da formación, é unha pena que se debe cinguir aos supostos de extrema gravidade onde o dano causado é de tal magnitude que o cese da personalidade xurídica parece ser o único método de resarcilo. A Fiscalía Xeral do Estado advirte que o seu emprego debe estar limitado ás pezas con gran repercusión e onde o afectado é a sociedade como colectivo e o correcto funcionamento do sistema democrático : “*A solicitude desta pena capital para a persoa xurídica deberá reservarse para os casos*

<sup>47</sup>Circular 1/2011 da Fiscalía Xeral do Estado relativa á responsabilidade penal das persoas xurídicas conforme á reforma do Código Penal efectuada por Lei Orgánica número 5/2010, p. 42

<sup>48</sup> SAN 20/2018, de 17 de maio de 2018, (JUR 2018\146168)

<sup>49</sup> STS 486/2015, de 16 de xullo de 2015 (RJ 2015\3493)

<sup>50</sup> SAP Barcelona Sección 10ª, de 29 de decembro de 2017 (JUR 2018\11672)

*extremos, como os delitos de especial gravidade e repercusión social ou que revistan os caracteres do denominado delito masa (con gran número de prexudicados)”<sup>51</sup>.*

Para o caso de ASC débese descartar este castigo máximo. Non se dan as circunstancias para argumentar a oportunidade da especial gravidade. De feito, o tipo agravado do delito de financiamento ilegal de partidos políticos que facía referencia ao mesmo (art. 304 bis.3 CP) foi desbotado na primeira cuestión do presente traballo. Ademais, a contía dos ilícitos dos que a formación é responsable non son de tan alta magnitud como para ordenar a súa disolución. Outros partidos políticos víronse implicados en pezas de maior complexidade e gravidade sen que por elo recibiran a pena capital para as persoas xurídicas (véxase a sentenza do “Caso Gürtel”<sup>52</sup>). Os únicos procesos contra partidos políticos que remataron coa súa disolución foi por relación ou pertenza a organización armada, seguindo o procedemento tipificado no art. 10 da Lei 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos<sup>53</sup>.

A pena máis axeitada sería a inhabilitación para recibir subvencións e axudas públicas por un prazo máximo de 15 anos. O tribunal podería deixar á formación ASC sen posibilidade de acceder ás subvencións públicas que de xeito ordinario lle corresponden pola súa participación no Congreso dos Deputados, regulada na LOFPP. Esta, ademais da multa, sería a sanción más adecuada á actividade e desenvolvemento do partido político, respectando o principio de proporcionalidade. Presenta unha natureza diferente á sanción pecuniaria, centrada non tanto no resarcimento do dano pasado coma na prevención futura e a redución da relación coa Administración Pública: “*Estas sancións non se inspiran tanto en procurar unha aflición á persoa xurídica mediante a sanción económica [...]. Pola contra, o elemento primordial constitúeo a prevención especial, de modo que a persoa xurídica comprobadamente entregada a unha actividade delituosa, resulte privada de determinadas axudas e/ou afastada da actividade e os intereses estatais*”<sup>54</sup>. Persegundo finalidades distintas, non habería lugar a que se apreciara que se está penando en dúas ocasións o mesmo ilícito, senón que a inhabilitación resulta complementaria ás multas que lle deben impor en todo caso, tal e como sinala a Fiscalía Xeral do Estado.

Por último, cabe tamén a aplicación do comiso do patrimonio incrementado pola formación política por vías ilícitas en atención aos artigos 127 a 128 CP. As ganancias de calquera tipo experimentadas pola comisión dos delitos deben ser entregadas á autoridade pública. Englóbase aquí as doazóns en efectivo e o edificio convertido en nova sede nacional, cuxos ilícitos atópanse dentro das condutas castigadas co comiso: suborno, branqueo de capitais e falsidade contable.

---

<sup>51</sup> Circular 1/2011 da Fiscalía Xeral do Estado relativa á responsabilidade penal das persoas xurídicas conforme á reforma do Código Penal efectuada por Lei Orgánica número 5/2010, p. 44

<sup>52</sup> SAN 20/2018, de 17 de maio de 2018 (JUR 2018\146168)

<sup>53</sup> STS 27 de marzo de 2003, autos acumulados 6/2002 e 7/2002 (RJ 2003\3072)

<sup>54</sup> Circular 1/2011 da Fiscalía Xeral do Estado relativa á responsabilidade penal das persoas xurídicas conforme á reforma do Código Penal efectuada por Lei Orgánica número 5/2010, p. 46

## II.- MARCO ADMINISTRATIVO

Máis alá da xurisdición penal, os ilícitos administrativos expostos na terceira cuestión merecen tamén consecuencias para o partido ASC. As sancións neste caso están previstas nos artigos 17 e 17 bis CP. Remítense a unha nova imposición de multas, de contía en coherencia co carácter das infraccións cometidas.

A condonación de débeda, infracción moi grave segundo o art 17.2.a) LOFPP, castígase cunha multa de entre o dobre e o quíntuplo da contía perdoada (art. 17 bis.1.a) LOFPP). Sendo esta de 5.980.000 euros (o 31% da débeda de 19.000.000 euros), a multa ascendería a unha cifra ente 11.960.000 e 29.450.000 euros.

A falta dun sistema de auditoría e control interno, infracción grave segundo o art. 17.3.d) LOFPP, condénase cunha multa de entre 10.000 e 40.000 euros (art. 17 bis.2.c) LOFPP).

Respecto á infracción da normativa electoral por exceder o límite de 10.000 de doazóns por persoa, a pena está estipulada no art. 153 LOREG: unha multa de 100 a 1.000 euros. Con todo, e seguindo o establecido no art.134.2 da mesma lei, no momento que o Tribunal de Contas detecta a violación da restrición establecida, está capacitada para iniciar o procedemento sancionador ordinario. Alén delo, pode tamén propor a non adxudicación ou redución da subvención estatal que lle corresponde á organización política polos resultados obtidos nas eleccións ao Congreso dos Deputados.

## 7.- CONCLUSIÓNS FINAIS

**PRIMEIRO:** Os sucesos que fan parte dos antecedentes de feito do presente traballo son un bo resumo da súa complexidade. Nel son mesturadas as figuras delituosas nos que entran en xogo varios escenarios relacionados entre si, con unha multiplicidade nas responsabilidades das persoas imputadas e no cal hai dous marcos normativos que se complementan e xustapoñen á vez: o penal e o administrativo.

**SEGUNDO:** En efecto, a insuficiencia do delito de financiamento ilegal de partidos políticos evidénciase no feito de que recolle dentro do seu marco de actuación unha parte pequena dos feitos relatados: as doazóns do empresario Braulio e Hannah Haider. O obxectivo común de toda a operación é o incremento do patrimonio da formación política coa finalidade de contribuír a sufragar os gastos da súa actividade ordinaria e electoral e acadar o poder estatal como finalmente logra. Sen embargo, esta figura penal limita a súa competencia a un espazo moi reducido dentro de todo a conduta ilícita levada a cabo polas persoas implicadas. Que doazóns como as realizadas polo empresario Francisco ou a condonación de débeda do Banco Hipólito, S.A. non estean incluídas dentro do elemento obxectivo do financiamento ilegal de partidos políticos é clara mostra da necesidade da reforma do delito para así contemplar todas as situacións que infrinxan a normativa e persigan a mesma consecuencia, isto é, o o incremento de fondos económicos. Lograriase como correlativo unha mellor adecuación entre o Código Penal e a Lei 8/2007 de Financiamento de Partidos Políticos, rematando coa duplicidade normativa actual, plantexándose como alternativa a graduación da resposta en función da gravidade en termos económicos do ilícito (a partir dunha determinada cifra a resposta xurídica pasaría a ser na orde penal e non na administrativa).

Polo demais, a reforma penal tamén debería ser estendida aos supostos do financiamento electoral. Non hai razóns obxectivas para que a mesma actuación mereza ser penada polo artigo 304 bis CP ou que non o sexa dependendo se se clasifica como achega ordinaria ou electoral. No supostos que se plantexa nos antecedentes de feito a situación non é de tal magnitude pero elo non quita que esta se pode chegar a dar, co que se conclúe necesaria a ampliación do marco obxectivo do delito de financiamento ilegal.

Esta reforma non é incompatible coa apreciación do resto de conductas delituosas como suborno, tráfico de influencias, branqueo de capitais e falsidade contable. A achega ilegal aos fondos do partido político non exclúe que se persiga a causa pola que a persoa doadora realiza tal aportación ou que esta se realice a contas bancarias domiciliadas no estranxeiro sen coñecemento das autoridades competentes na materia. Trátase aquí da comisión de dous delitos diferentes, con bens xurídicos protexidos distintos pero que deben ser procesuados nunha mesma peza en forma de concurso ideal.

**TERCEIRO:** Por mor do aforamento dos dirixentes de ASC Manuel Mejía, Juan Ignacio e Carmen na súa condición de deputados e de Presidente do Goberno do Estado no primeiro caso, todas as causas contra eles deben ser coñecidas polo Tribunal Supremo, para o que previamente solicitará o suplicatorio ante a institución lexislativa. Por outro lado, en virtude do principio de conexidade do art. 17 LACrim e o 272 LACrim, este órgano convértese no competente para a instrución e axuizamento para todas as causas relacionadas cos nomeados anteriormente, áinda que do seu desenvolvemento resulten imputadas persoas

que non ostentan dito aforamento. Unicamente podería ser separada desta peza o delito electoral do art. 149 LOREG (falseamento de contabilidade electoral), por non ser demostrada coa suficiente firmeza a relación co resto de actividades delituosas. Este ilíctico sería procesuado polos cauces ordinarios, diante dos Xulgados de Instrucción e do Penal.

**CUARTO:** A resposta xurídica diante dos ilícitos cometidos non remata na orde penal. A complementariedade desta coa vía administrativa é un bo activo do sistema democrático estatal se é realizada atendendo aos principios de proporcionalidade, igualdade e coherencia. Desta maneira, a reforma do Código Penal para incrementar o marxe de actuación do artigo 304 bis non pode ser óbice para que na Lei Orgánica 8/2007 de Financiamento de Partidos Políticos estipule sancións para condutas que, se ben supoñen un quebranto da normativa, non ostentan a gravidade como para merecer unha resposta penal. É o caso que se dá no traballo actual coa falta por parte da formación ASC dun sistema de auditoría e control interno. Esta irregularidade está recollida como unha infracción grave da lexislación do eido e así debe seguir sendo, non existindo razóns para que pase a ser regulada pola orde penal. Con todo, e á falta da reforma lexislativa comentada na conclusión segunda, na actualidade tamén son consideradas infraccións administrativas a condonación da débeda realizada polo Banco Hipólito, S.L. e a doazón electoral do empresario Francisco, para as cales están fixadas as multas correspondentes.

**QUINTO:** ASC tamén pode ser investigado como suxeito activo propio e autónomo das persoas físicas en gran parte dos delitos cometidos seguindo os procedementos e criterios fixados no Código Penal a tal efecto. É así no caso do financiamento ilegal, tráfico de influencias, branqueo de capitais e falsidade contable. En coherencia con elo, merece que se deriven consecuencias xurídicas para a persoa xurídica, independentemente das penas que se establezan para o resto de imputados. Descartada a opción da disolución por revestir un carácter moi grave, os castigos más probables son a multa pecuniaria e a inhabilitación para acceder a subvencións estatais que por dereito lle deberían corresponder, sen deixar de lado, por último, as sancións cometidas no eido administrativo e que non configuran un ilíctico penal.

## 8.- BIBLIOGRAFÍA

- CLAUDIA SANTIAGO, ANA, *La financiación de los partidos políticos en España*, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, Madrid, 2016
- CONGRESO DOS DEPUTADOS E SENADO, Informe dos exercicios 2014 e 2015, publicado no BOE, núm. 101, do 26 de abril de 2018, p. 44930-45849, en forma da Resolución nº 5694 do 27 de febreiro de 2018, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación co Informe de fiscalización dos estados contables dos partidos políticos e das aportacións percibidas polas fundacións e demais entidades vinculadas ou dependentes deles, exercicios 2014 e 2015.
- FISCALÍA XERAL DO ESTADO, Circular 1/2011 relativa á responsabilidade penal das persoas xurídicas conforme á reforma do Código Penal efectuada por Lei Orgánica número 5/2010, disponible en  
[https://www.fiscal.es/fiscal/PA\\_WebApp\\_SGNTJ\\_NFIS/descarga/memoria2012\\_voll\\_circu\\_01.pdf?idFile=7ed535ae-8bf0-4aa5-b219-618b3ac7420f](https://www.fiscal.es/fiscal/PA_WebApp_SGNTJ_NFIS/descarga/memoria2012_voll_circu_01.pdf?idFile=7ed535ae-8bf0-4aa5-b219-618b3ac7420f)  
Consultada 01-06-2019
- GIMENO SENDRA, JOSÉ VICENTE, *Derecho Procesal Penal*, Ed. Thomson Reuters. Pamplona, 2012.
- GÓMEZ COLOMER, JOSÉ LUIS e ESPARZA LEIBAR, IÑAKI. *Tratado jurisprudencial de aforamientos procesales*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2009
- GRECO RC-III (2015) 16E, Third Evaluation Round, Second Addendum to the Second Compliance Report on Spain, 9 de febreiro 2016 disponible en <https://www.coe.int/en/web/greco/evaluations/spain>
- MAROTO CALATAYUD, MANUEL, *La financiación ilegal de partidos políticos. Un análisis político-criminal*, Marcial Pons, Madrid, 2015
- MARTÍNEZ ALARCÓN, MARÍA LUZ, *El aforamiento de los cargos públicos. Derecho español y derecho comparado*, Dialnet, 2014, p.1, disponible en <http://revistas.uned.es/index.php/TRC/article/view/14926>
- MOLINA GÓMEZ, LIDIA, *Aforamiento y doble instancia penal de los pactos internacionales de Derechos Humanos a la interpretación de nuestros tribunales*, Universidad de Alicante, Traballo Fin de Máster de Avogacía, 2013, p. 19, disponible en [https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/35356/1/TFM\\_Lidia-Molina-Gomez.pdf](https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/35356/1/TFM_Lidia-Molina-Gomez.pdf) consultado 11-05-2019
- MUÑOZ CUESTA, JAVIER, “Delitos de financiación ilegal de partidos políticos”, Revista Aranzadi Doctrinal, 2015/5, pp. 1-9.
- MUÑOZ CUESTA, JAVIER, Ponencia: “*Delitos contra la Administración Pública: en especial, prevaricación, cohecho, tráfico de influencias y malversación. Novedades tras la reforma 1/2015*”, do 18 ao 20 de outubro de 2017 Disponible en [https://www.fiscal.es/fiscal/PA\\_WebApp\\_SGNTJ\\_NFIS/descarga/Ponencia%20Mu%C3%B1oz%20Cuesta,%20Javier.pdf?idFile=4dd9685f-9e33-4be0-bdb7-cc305438646b](https://www.fiscal.es/fiscal/PA_WebApp_SGNTJ_NFIS/descarga/Ponencia%20Mu%C3%B1oz%20Cuesta,%20Javier.pdf?idFile=4dd9685f-9e33-4be0-bdb7-cc305438646b) Consultado o 05-05-2019.
- OLAIZOLA NOGALES, INÉS, *La financiación ilegal de los partidos políticos: un foco de corrupción*, Tirant lo blanc, Valencia, 2014
- PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *Art. 149 de la Ley 5/1985, de 19 de junio, de Régimen Electoral General*, Ecrim Publicacións 2012, consultado en <http://www.ecrim.es/publications/2012/FinanciacionIlegal.pdf> o día 10-05-2019
- PUENTE ALBA, LUZ MARÍA, *El delito de financiación ilegal de Partidos Políticos*, Tirant lo banch delitos, Valencia, 2017

- QUERALT, J.J. *Reflexiones marginales sobre la corrupción*, Crítica penal y poder, núm. 2, 2012, disponible en <http://revistes.ub.edu/index.php/CriticaPenalPoder/article/view/2943/3182> Consultado 05-05-2019
- <https://www.diariocritico.com/> Artigo “*Así entienden los partidos la austeridad de la campaña electoral para el 26-J*” 8-06-2016, consultado 11-05-2019
- OCDE, “Transparencia fiscal 2016. Informe de progreso”, Foro global sobre a transparencia e o intercambio de información con fins fiscais, disponible en <https://www.oecd.org/tax/transparency/informe-de-progreso-foro-global-2016.pdf> consultado 10-05-2019.
- TRIBUNAL DE CONTAS, Presidencia, Resolución de 8 de outubro de 2013, pola que se publica o acordo do Pleno de 26 de setembro, de aprobación do Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas, publicado no BOE núm. 252, de 21 de outubro de 2013, p. 85350 a 85508
- TRIBUNAL DE CONTAS, Presidencia, Resolución de 21 de decembro de 2018 pola que se publica o Acordo do Pleno de 20 de decembro de 2018, de aprobación do Plan de Contabilidade adaptado ás Formacións Políticas e á Lei Orgánica 3/2015, de 30 de marzo, publicado no BOE núm. 314, de 29 de decembro de 2018, p. 130376 a 130508

## **9.- APÉNDICE XURISPRUDENCIAL**

- Tribunal Constitucional
  - STC 10/1983, de 21 de febreiro (RTC 1983/10)
  - STC 243/1988, de 19 de decembro (RTC 1988\243)
- Tribunal Supremo
  - STS 1/1997, de 28 de outubro (RJ 1997\7843)
  - STS 1211/2002, de 29 de xuño (RJ 2002/8619)
  - STS 27 de marzo de 2003, autos acumulados 6/2002 e 7/2002 (RJ 2003/3072)
  - ATS de 19 de setembro de 2005 (JUR 2006\104209)
  - STS 692/2008, de 4 de novembro (RJ 2008/5483)
  - STS 1115/2009, de 12 de novembro (RJ 2009/7885)
  - ATS de 21 de maio de 2012 (JUR 2012\196431)
  - STS 486/2015, de 16 de xullo de 2015 (RJ 2015\3493)
  - STS 560/2015, de 30 de setembro de 2015 (RJ 2015\5109)
  - STS 166/2017, de 14 de marzo (RJ 2017/1159)
  - STS 225/2019 de 29 de abril (RJ 2019/1836)
- Audiencia Nacional
  - SAN 20/2018, de 17 maio 2018 (JUR 2018\146168)
- Xulgados Central de Instrucción
  - AJCI nº5, 28 maio 2015 (ARP 2015/884)
- Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana
  - Auto TSXCV 26/2010, de 15 de febreiro (ARP 2010\697)
- Audiencia Provincial de Barcelona
  - SAP Barcelona Sección 10<sup>a</sup>, de 29 de decembro de 2017 (JUR 2018\11672)

## **10.- APÉNDICE LEXISLATIVO**

- Lei de Suplicatorio para Senadores e Deputados do 9 de febreiro de 1912, publicado en Gaceta de Madrid númer. 41, de 10/02/1912 (ELI: [https://www.boe.es/eli/es/l/1912/02/09/\(1\)/con](https://www.boe.es/eli/es/l/1912/02/09/(1)/con))
- Constitución Española.
- Regulamento do Congreso dos Deputados do 19 de febreiro de 1982, BOE» númer. 55, de 05/03/1982, p. 5765-5780 (ELI:[https://www.boe.es/eli/es/res/1982/02/24/\(1\)/con](https://www.boe.es/eli/es/res/1982/02/24/(1)/con))
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, BOE númer. 80, de 3 de abril de 1985, p. 8945 a 8964 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/l/1985/04/02/7>)
- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, BOE númer. 147, de 20/06/1985 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/1985/06/19/5/con>)
- Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial
- Lei 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos, BOE» númer. 154, de 28/06/2002 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2002/06/27/6/con>)
- Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos, BOE númer. 160, de 05/07/2007 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2007/07/04/8/con>)
- Protocolo (nº 7) sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea, OJC 236, 26.10.2012, p. 266–272 (ELI: [http://data.europa.eu/eli/treaty/tfeu\\_2012/pro\\_7/oi](http://data.europa.eu/eli/treaty/tfeu_2012/pro_7/oi))
- Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/l/2015/10/01/39/con>)
- Lei de Axuizamento Criminal, aprobada por Real Decreto de 14 de setembro de 1882, última actualización en 6 de outubro de 2015.